



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 15 DE FEBREIRO DE 2016.

### ASÍSTENTES:

#### **Alcalde-presideante**

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL ( PSdeG-PSOE)

#### **Concelleiros/as**

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO ( PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ ( PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL ( PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELAS VAZQUEZ ( PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M<sup>a</sup> CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA ( D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

#### **Secretaria Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D<sup>a</sup>. Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 15 de FEBREIRO de 2016 reunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presideante declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Boas tardes a todos e a todas, grazas ó público por estar aquí presentes, despois desta marxe de cortesía damos comezo ó Pleno de hoxe día 15. Antes de proseguir adiante quero recordarlle a todos os Concelleiros e Concelleiras que esta vixente un Regulamento orgánico municipal que debemos cumprir, este Regulamento municipal indica que a exposición dunha moción da lugar a unha intervención de 5 minutos e a partir desa intervención hai intervencións de cada un dos grupos políticos en orden de menor a maior tamén de 5 minutos, hai dereito a unha segunda intervención de 3 minutos, eu agradézolle a todos vostedes que cumpran con este espazo de tempo intentarei ser flexible pero dende logo que é importante que manteñamos unha compostura e un decoro ademais de cumprir cos tempos porque as persoas de Secretaría que teñen a labor encomendada de elaborar as actas dende logo que se lle complica moito, se ademais nos pisamos as palabras. Eu agradézolle a todos vostedes ese comportamento.

**- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O primeiro punto da orde do día é unha declaración institucional para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do Galego. Ten a palabra a Concelleira Ánxela.

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Boas tardes a todas e a todos, vou ler a declaración institucional que é un acordo que se tomou na que participan todos os grupo políticos que están agora mesmo na Corporación Municipal e que se fixo a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

O 24 de febreiro de 2016 cúmprense 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical, culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado. Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora despoído. A publicación do seu libro



Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana. Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos a nosa contribución á cultura universal. Seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), o Pleno Municipal deste concello decide declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía, ademais de emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso Concello ao longo do mes de febreiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Pois como unha declaración institucional non da lugar a debate sométese a votación, estamos todos de acordo. Moitas grazas

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Declaración institucional para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do Galego.**

### PARTE RESOLUTIVA

#### 1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (23/11/2015)

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O segundo punto da orde do día é á aprobación da acta anterior, sométese a votación a acta do pasado Pleno, por favor.

**O sr. Fernández toma a palabra (PP):** Perdón, boa tarde a todas e a todos. Vamos a ver antes gustaríanos que de aprobar esta acta primeiro se é posible que antes de que se aprobada unha acta



este publicada na páxina web do Concello, pois está publicada esta acta do 23 do 11 do 2015, sen antes pasar pola aprobación do Pleno, simplemente quería indicar iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Primeiro evidentemente ten que estar aprobada. Moitas grazas. Pois entón sometemos a votación a aprobación da acta anterior do Pleno do 23 de novembro de 2015, votos a favor, abstencións. Queda aprobada a acta do 23 de novembro.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana: **“Aprobación da acta anterior do 23 de novembro de 2015)**

### **2- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE BARBADÁS PARA O ANO 2016.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O segundo punto da orde do día é a aprobación inicial da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións veciñais inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Barbadás para o ano 2016. Ten a palabra o señor Serafín.

**O sr. Núñez toma a palabra (BNG):** Ben, hoxe traemos a este Pleno estas bases das que os grupos da oposición teñen copia para proceder efectivamente si procede si os membros corporativos así o deciden, a unha aprobación inicial da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións das asociacións de veciños de Barbadás para o 2016. Quixera facer primeiro un breve apunte do que establece a lei 9/2007 do 13 de xuño que regula as subvencións en Galiza e que di na súa exposición de motivos fala de que o procedemento ordinario de concesión das subvencións será o de concorrencia competitiva que permite o establecemento duns prazos de solicitudes ata o esgotamento do crédito orzamentario. O procedemento de concesión directa de excluídos da previsión desta lei no referente á aplicación os principios de publicidade e concorrencia so será de aplicación só será de aplicación nos casos que exista unha dotación nominativa nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma neste caso, ou ben con carácter excepcional cando se acredite razóns de interese público social ou económico que dificulten a súa convocatoria pública, entón temos que entender que o proceso normal que estableza a lexislación, que establece esta lei é concorrencia competitiva e con carácter excepcional as dotacións nominativas. Vou facer un pequeno apunte con respecto de determinados artigos destas bases da ordenanza para digamos clarificala un pouquiño máis de ser así. Establécese no artigo 3, fálase da solicitude, dos prazos, e lugar de presentación e documentación, e pois aí se fai



referencia explícita ó anexo I que fai referencia a solicitude que ten que presentar as asociacións cando realmente soliciten esta subvención, o anexo II que ben sendo unha declaración do representante da asociación de non estar incurso, de estar ó corrente das obrigas tributarias, o anexo III que se refire pois tamén a declaración das axudas que pode solicitar de outro tipo de organismos e no anexo IV pois figura tamén a descrición das actividades, unha memoria explicativa, e rematando o artigo 3 tamén apunta ó anexo V onde fai un orzamento onde hai que apunta un orzamento de gastos e ingresos para a realización das distintas actividades. Ben, no artigo 3 tamén se apunta un primeiro prazo que establece a ordenanza de 40 días naturais para a presentación de solicitudes unha vez que esta ordenanza estivese aprobada. Publicada no Boletín e entrara en vigor, establece este primeiro prazo de 40 días, o artigo 4 fálanos dos gastos subvencionables que se incluírían dende o día 1 de xaneiro ata o 1 decembro do ano 2016, tamén se refire á excepcionalidade daquelas actividades que se desenvolvan, que puideran desenvolverse, perdón, no mes de decembro e que tamén puideran ser subvencionados. E xa digo con excepcionalidade, o normal sería 1 de xaneiro, 1 de decembro, sería como gastos subvencionables. Establece o artigo 5 un segundo prazo de 10 días hábiles tamén para a subsanación de erros. O artigo 6 fálanos da comisión de valoración, e o 7 dos criterios da concesión para subvencións, dicir que en todo caso isto é unha primeira proposta que se fai é dicir, nós evidentemente estamos absolutamente abertos a calquera tipo de proposta que se poida facer a posteriori e a calquera alegacións, este é un primeiro esbozo e que estes criterios de valoración como outros apartados da ordenanza evidentemente poderán ser modificados no prazo posteriori de 30 días que establece a lei para pode facer emendas e alegacións ó respecto. En todo caso son os criterios que establece unha serie de puntuación para digamos pór en valor as distintas actividades que poidan ir propondo, desenvolvendo as asociacións, e que dende logo pois con esta ordenanza se pretende que reciba evidentemente máis subvencións aquelas asociacións que máis traballan ó longo do ano, e que máis actividades desenvolve. Establece o artigo 8 pois unha contía máxima de 3.000 €, ó que poden optar as distintas asociacións, cada asociación ó longo do ano en relación con esta convocatoria, e dicir que efectivamente pois é unha cantidade moi superior á que puideron optar ó longo dos últimos anos que eu poida recordar aquí, creo que levo 8 anos como Concelleiro e que efectivamente nunca puideron optar a unha cantidade similar, é dicir, unha cantidade de 3.000 € que roldaban as nominativas que se puideran adxudicar en anos anteriores roldaban os 1.000 €. Establécese no artigo 9 un terceiro prazo de 3 meses no se se refire a que é dende a alcaldía dítarase un acordo de resolución da proposta que se fixo pola comisión de valoración, acto seguido notificárase á asociación interesada e se no prazo de 10



días non manifesta nada en contra entendese aceptada esta subvención por parte do solicitante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaia rematando señor Serafín.

**O sr. Núñez toma a palabra:** O artigo 10 fala das obrigas dos beneficiarios, o artigo 11 pois se refire pois tamén a unha serie de anexos máis, 6,7,8 anexo, que ten que presentar antes do 15 de decembro. Dicur que en definitiva hoxe traemos esta ordenanza para a unha aprobación inicial na que se inicia pois evidentemente un novo camiño que ata o de agora pois era absolutamente distinto, é dicir, eran absolutamente as asociacións, as subvencións nominativa e que estas bases pretenden dar publicidade, dar transparencia, son unhas bases de concorrencia, obxectivas e que evidentemente van a favorecer a quen máis traballo das distintas asociacións que máis actividades poñan enriba da mesa e que teñen evidentemente este prazo de 30 días para enriquecer esta ordenanza se o teñen a ben. Nada máis

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Boas tardes a todos e a todas. Aínda que estamos de acordo en que se estableza unha ordenanza para a concesión das axudas das subvencións por parte do Concello ás asociacións, e sen entrar a valorar os aspectos nos que estamos de acordo e nos que non, e dentro do que é a propia normativa que se nos presenta aquí, temos que dicir antes de nada, e logo despois de poñernos en contacto con todos os representantes das asociacións veciñais como cada vez que chega ás nosas mans calquera moción ou proposta do Goberno, e consultamos aquelas persoas ás que lle afectan ditas propostas ou mocions. Polo tanto para nós, o primeiro que se debería facer cando se trae aquí ó Concello unha ordenanza que vai a afectar a un número importante de xente ou de grupos ou de persoas, o primeiro que se debe presentar o borrados é ós representantes das asociacións e dos grupos políticos iso é o primeiro, en segundo lugar dar un prazo de 15 días para o seu estudo a esta xente e logo en terceiro lugar convocar ós representantes das asociacións, escoitar as súas propostas a favor ou en contra buscando sempre o maior consenso posible, e en último lugar pois levalo ó Pleno, para nós sería o camiño axeitado a seguir, pois porque se presentamos isto a Pleno e sen coñecelo os representantes das asociacións corremos o risco de que moitos deles non se decatando que nós estamos aquí a legislar e se pasa o prazo e logo se encontran cunha normativa enriba da mesa, que dicindo así vulgarmente vanse tirar dos pelos a maior parte deles, entón eu estes puntos que acabamos de dicir, é que como cremos que se debe traballar. Para nós hai dous temas fundamentais no que é a normativa sen entrar pormenorizadamente nos criterios de valoración pois nalgún estaríamos de acordo en outros non, pero antes diso hai dous temas fundamentais. Primeiro establecer na ordenanza unha cantidade fixa en consenso coas asociacións e igualitaria para todas e logo simplificar



ó máximo o papelorio, para facilitar a entrega de documentación, pois a nós fixéronos chegar as asociacións, incluso xente que si se lle complican as cousas incluso deixan as asociacións, e hai que pensar que este é un Concello pequeno, coñecemos practicamente a todas as asociacións e sabemos como traballan, e sabemos que hai xente nelas que está levando un traballo moi grande por axudas ós veciños e porque lle gusta facelo, se lle complicamos as cousas esa xente colle e lártese e desaparece o movemento asociativo, salvo naquelas asociacións que contan con persoas que realmente saiban levar a cabo todos estes trámites e non supoñan ningún tipo de incomodidade pero noutras vai a ser difícil que o fagan, entón dende o Concello o que temos é que facilitarlles as cousas ós cidadáns e non complicarlhas, e logo outro punto que dicía anteriormente importante unha cantidade fixa, porque hai asociacións que contan sempre con ese diñeiro para empezar a realizar certas actividades e que fan todos os anos, entón estarían a expensas sen saber se llas van a aprobar, se non llas van a aprobar, pero xa digo, sen entrar no que é o meollo da cuestión do que é o regulamento, temos que empezar a casa polos cimentos e non polo tellado, entón xa digo, está para nós ese sería o camiño que habería que seguir, presentar o borrados ós representantes e máis ós grupos políticos para que os estuden, e logo dar un prazo de 15 días para que os estuden, a continuación reunir a eses representantes, escoitalos as propostas que fagan, co que estean de acordo, co que non estean de acordo, e logo o concelleiro responsable da materia pois levalo ó Pleno, e xa cos consensos que sexan ou cos desacordos que sexan pero xa a cidadanía estará informada do que hai, vamos eu creo que é de sentido común, e nada máis. Non temos nada máis que dicir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

**A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana):** Boas tardes a todos. Aquí estou un pouco de acordo con Ramón antes de facer unha cousa penso que había que expoñerlla ós interesados contar eles, reunirse con eles, mirar cal son as necesidades, e o que si da cantidade fixa ou non fixa depende, porque claro hai asociacións que fan moitas cousas o cal si deberían ter máis diñeiro porque ca outras que realmente crean unha asociación e non fan nada, entón iso de cantidade fixa non estou de acordo, agora si que estou de acordo que hai que falar con eles, reunirse con eles, expoñerlle os criterios e as cousas por onde nós vemos que teñen que ir, pero sobre todo quen nos teñen que dirixir son eles a nós, porque penso que nós temos que estar un pouco ó servizo deles, e non o pobo ó noso servizo. Gracias.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro-voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Boa tarde de novo. Señor Padrón parece que por unha vez



coincidimos practicamente en todas as alegacións que imos facer, nótase que hai algúns que participamos en asociacións de veciños e sabemos por onde van os tiros, ben é certo que compre regular dalgunha forma a asignación, as subvencións ás nosas asociacións, xa sexan veciñais culturais, ou de calquera outro tipo, para que estas se manteñan vivas e que ademais realicen as funcións para que foron creadas, pero pregúntome, e por iso lle digo que coincido con vostede, se antes de sacar estas bases que hoxe se traen aquí a Pleno consensuaron as formas ou o tipo de actividades subvencionables cos diferentes colectivos, ou só abren a boca para dicir que calquera medida que afecte ós veciños se consensuarán con eles e despois nada de nada. Que eu saiba non se lles preguntou a ninguén, nin se consensuou con ninguén, aquí hai representantes de moitas asociacións de veciños o cal aproveito para agradecerlles a súa implicación, e poden dicir se isto é certo ou non. Moito regulamento de participación veciñal iso si pero despois facemos o que non ven en gana. Despois tamén me pregunto porque non se aplica o mesmo trato por igual a todo tipo de asociacións, porque non é o mesmo unha asociación de veciños con máis de 200 socios que serve a intereses xerais que unha panda de 5 colegas que nos xuntamos unha fin de semana para facer unha ruta de BTT e alá aí van 1.000 €, simplemente por levar o escudo do Concello na camisola suficiente, iso si, cando despois dende algún outro colectivo que trata de fomentar outro tipo de actividades deportivas que non sexan darlle unhas patadas a un coiro, e pide apoio, todos son atrancos e miramos cara outro lado, pero iso si iso quedará para outro momento e profundaremos un pouquiño máis, non se preocupe. Unha vez máis está claro que hai dous gobernos, asociacións de veciños e culturais área do BNG concorrencia competitiva, asociacións deportivas área do PSOE nominais, queda claro. Trátase de facilitar as cousas como ben dicía o señor Padrón ás asociación, e non de pór atrancos nos carreiros a quen fan unha labor sacando parte do seu tempo e sen nada a cambio para unir e defender os dereitos dos veciños e das veciñas, ademais de estimular a vida dos nosos pobos e facelos máis atractivos para o resto. Estou de acordo ademais tamén en establecer unha única contía fixa para todos, para que non haxa ningún tipo de discriminación, trasladáronos dende moitas asociación cuestións no tocante ós criterios de valoración, tales como que non se valora o esforzo realizado, nin asuntos a como a súa perdurabilidade no tempo, pois non é o mesmo coller e facer un día unha actividade que ben se poden xustificar eses gastos que facer actividades que perduren ó longo do ano. De todas estas suxestións as presentaremos como alegacións, dende o Grupo Popular de Barbadás propomos que se lle pase información a todos os colectivos veciñais e culturais do Concello sobre estas bases, para que poidan presentar as súas propostas e deu o seu parecer e emenden o crean necesario para a defensa dos seus





intereses, e non esperar os 30 de prazo de alegacións dende que se publica no Boletín da Provincia porque ou se estimarán ou non, como lle veña en gana. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o señor Serafín Núñez. Tres minutos.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Vou empezar dicindo que efectivamente mire o Partido leva anos e anos neste Concello sempre na excepción, no clientelismo e na falta de publicidade, outorgando subvencións nominativas cuns importes absolutamente faltos de todo criterio só regulados polo grado de amiguismo e pouco máis, esa era a súa política, a política que está pondo este goberno enriba da mesa e absolutamente distinta, unha política de concorrencia competitiva onde aquelas asociacións que fagan máis traballo, vai a conseguir máis subvencións da bolsa de concorrencia de 28.000 €, entende, e non vamos a subvencionar como fixeron vostedes, que subvencionaban por agarrar un porco, por facer calquera tipo de indiada a asociacións como por exemplo a asociación de veciños de A Valenzá que durante o ano 2015 non desenvolveu actividade algunha nin mantivo asembleas nin absolutamente nada de nada e vostedes orzamentáronlle diñeiro no ano pasado, por exemplo, entón vexan as distintas varas de medir. Dicar porque todos un pouco estiveron todos os grupos estiveron nesta liña dicir que as asociacións non descoñecían que dende esta Concellería se ía poñer en marcha esta ordenanza, porque eu falei con cada un dos presidentes e presidentas dos distintos colectivos, e eles sabían que efectivamente se ía a pór en marcha esta ordenanza, outro tema é, que efectivamente ó mellor se chegase con toda a información precisa se lle dera un esbozo da ordenanza a todas e cada unhas das asociacións, si que recoñezo que non se fixo con todas elas, con algunhas si que se lle enviaron por e-mail e o que comprometo neste momento é que neste momento se lle vai entregar en man a aquelas asociacións que non manexemos dentro do rexistro municipal de asociacións, que non manexemos un e-mail dos seus representantes, se lle mandará por e-mail, e senón se lle entregará en man para manter se hoxe efectivamente esta ordenanza se aproba de xeito inicial as pertinentes reunións con eles de traballo para darlle forma a isto que hoxe pois é un esbozo primeiro. Mire haille dous camiños, haber hai varios camiños, hoxe nós propomos un aquí que son que estas bases son un comezo dun novo camiño, baseado na publicidade, na transparencia e non no escurantismo que vostedes fixeron adalid durante moitos anos neste Concello, é dicir, o camiño da concorrencia, o camiño da obxectividade, da igualdade, da non discriminación, e non o que era o seu camiño que era o camiño da tutela, o camiño do amiguismo, do clientelismo do que xa un pouco todos deberíamos estar un pouco fartos neste Concello. E nada máis dicir cando me falan de que unha contía fíxa, vamos a



ver se é unha ordenanza de concorrència competitiva, é de concorrència competitiva, non nominativa, é dicir, ou é a ou é b, entón neste caso haberá que valorar aquelas asociacións que máis actividades desenvolvan pero ten que ser dentro dunha concorrència competitiva para abordar conseguir diñeiro desa bolsa, deses 28.000 €, que nunca vostedes xa digo eu creo que é algo moi importante que as asociacións pois van a conseguir ata un máximo de 3.000 € algo que na vida, a non ser que algún fora moi íntimo seus, tiñan ou podían optar a este diñeiro optaban como moito a 500 € ou a 1000€. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Volvo repetir o que dixemos antes, nós non estamos de acordo con este procedemento, o noso procedemento é o que nos di que os representantes das asociacións, é dicir, informalos, ou sexa mandándolle a documentación como nola deron a nós o outro día, e logo reunirse con eles e escoitar as súas propostas e traer esas propostas a Pleno para que sexan aprobadas definitivamente que despois si pode ser que haxa unha alegación, pero xa será cousas menores porque xa terán o apoio da maioría dos representantes dos veciños. Agora desta maneira metémonos nun carrusel aprobamos ó mellor unha ordenanza e logo despois unhas alegacións pero a maioría da xente non se decata a vida ás veces hai que vivir a práctica da realidade, e non o que puidera ser. Entón con relación a cantidade fixa, nós defendemos a cantidade fixa, porque nolo fixeron chegar os representantes das asociacións, unha cantidade fixa que é como para eles saber que contan aí con un diñeiro, e o mesmo Concelleiro reunirse coas asociacións xa sabe as asociacións que traballan e as que non, e logo despois pois o resto dos cartos evidentemente as asociacións que máis traballen pois que cubran, ou sexa que vaian en concorrència competitiva e que consigan ou non as subvencións para esas actividades segundo o traballo que aporten, agora a cantidade fixa pois é unha cantidade que se pode acordar entre os representantes eu creo que non sería moi complicado de facer, iso era ó que me refería cando falaba da cantidade fixa. Xa digo nós traermos as propostas que nos fan chegar, quero dicir que tamén dende o noso grupo unha vez que recibimos os papeis nós chamamos ós representantes das asociacións e fixémoslle chegar a documentación e eu agradézolle ó señor Manuel que vostede estea de acordo comigo, pero vostede creo que non o fixo, ou polo menos non con todas e puido facelo, e nada máis, eu creo que está claro que para nós non é o procedemento axeitado, xa sen entrar a valorar creo que se deben a facer as cousas xa digo, empezar por abaixo para chegar arriba máis ou menos ben, e nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Fina



Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Máis que nada dicir o que vos dixen antes, paréceme, penso que estaba ata, gústame como fixestes, non me desgusta darlle, paréceme ben darlle a unha asociación máis diñeiro en función da actividade que fai e iso para min tería que ser sempre todo así na vida, o que si volvo a repetir, que tedes contar máis con eles, facer reunións con eles e despois xa propoñer isto, porque levar a aprobar unha cousa para despois xa andala remendando ou cambiándoa eu penso que aínda que tardarades un mes máis, pois teríades que xuntarvos con todos e comunicarllo por escrito, xuntarvos con todos e chegar a un acordo para facer unha cousa, para non andar facendo e desfacendo, porque eu penso que o traballo é moito máis simple pois chegar a acordos, e despois expoñerse se sae aprobado pois moi ben, que saír aprobado entre pinzas, porque isto é saír aprobado entre pinzas, entón penso que tedes que contar un pouquiño máis con eles, aínda que a idea paréceme boa. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Señor Manuel

**O sr. Fernández toma a palabra:** Señor Padrón, vamos a ver, as queixas das asociacións de veciños e veciñas non mas saco da manga, iso é porque se fala con eles. Señor Núñez alégrome que siga vivindo no recordo no pasado, de verdade que llo digo, non me deu resposta porque non se aplica o mesmo trato para todo tipo de asociacións. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois despois das dúas quendas de intervención sométese a votación. Votos a favor, votos en contra, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG, os votos en contra de PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Barbadás para o ano 2016.”**

### **3- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES CULTURALS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA CULTURA NO ANO 2016.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O terceiro punto da orde do día é a aprobación inicial da ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades culturais sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2016. Ten a palabra a señora Ánxela. Moitas grazas.



**A sra. González toma a palabra:** Cumprindo co compromiso que levamos no noso programa e que está no pacto de goberno e que nós sempre defendemos, traemos a consideración do Pleno esta ordenanza. Consideramos que é máis xuto e transparente que a maior parte das subvencións públicas se dean a través do procedemento de concorrencia competitiva, tal e como sinala a lexislación como norma xeral, cremos que é máis transparente porque permite que os recursos se distribúan ente as distintas asociacións con criterios obxectivos, e que polo tanto vaian destinadas a realización de actividades culturais para o goce do conxunto de veciños e veciñas que é para o que son. Así establécese que os criterios á hora de acceder ás axudas serán a cantidade e a calidade das actividades que se realicen, a cantidade de persoas que participan delas, a repercusión territorial, e tamén criterios como os da inclusión social de distintos colectivos, a promoción da igualdade entre mulleres e home, e a posta en valor da nosa cultura. Estes aspectos son os que recolle fundamentalmente a presente ordenanza que ademais obriga a xustificar o gasto, como non pode ser de outra maneira dado que se trata de diñeiro público. Eu si fixen unha primeira ronda coas asociacións para falar a nivel xeral, pero despois a forma do que é a ordenanza témoslla que dar, entón para traela a Pleno agora, o que non vamos facer, eu o que non vou facer é ir asociación por asociación léndolla, eu si fixen unha primeira ronda coas asociacións culturais comenteille de que ía ir, comenteilles que ía a saír en concorrencia competitiva, e ademais non só estiveron de acordo senón que o aplaudiron porque dicíanme a xente das asociacións culturais coas que falei, dicíanme que ata agora se daban as subvencións de xeito nominativo de forma que había algunhas que por comerotas levaban máis diñeiro que outras que facían rondallas, que facían música, que incluso saían ó estranxeiro a cantar, entón ante iso as asociacións culturais estaban completamente de acordo coas que eu falei que cre que foron todas, todas as que localicei, hai un par delas que non localicei porque creo que xa non existen.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, pola súa brevidade. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Eu aquí repetiría o mesmo que na anterior, e simplemente dicir que si podemos pasar polas asociacións e dicirlle vamos facer isto, vamos facer aquilo, e así dúas frases, e o importante é mandar os informes os borradores e para que o lean e lean todo o que lle vai a afectar e as cousas e dean a súa opinión, pero que pasa non queremos que dean a opinión, eu creo que escoitar, ou sexa, eu creo, non sei, eu faría así, eu chamaría ós representantes, mandaríalle o borrador do que quero facer e logo convocaría a escoitalos e escoitar ós que están de acordo, e ós que non están de acordo, porque iso é a democracia, e despois levaría ó Pleno algo, porque escoitei a dúas bandas, ou a



tres, escoitei a todos, pero se vostedes cren que con dicirlle que vamos a facer isto e logo despois facelo e dicirlle que teñen un período de alegacións, e veremos os que se decatan que teñen alegacións, e os que non se decatan, porque agora supoño tamén que, agora mandaralle o informe, agora visto que foi aprobada antes a ordenanza das asociacións de veciños, supoño que lle mandarán o borrador, supoño que llo mandarán xa mañá pola mañá, porque teñen 30 días se alguén non está de acordo e quere presentar algún tipo de alegación, supoño, nós preguntárolle ós responsables das asociacións de veciños se no seu correo teñen o borrado do que se acaba de aprobar para que poidan presentar esas alegacións, e nada máis non teño nada máis que dicir. Volvo a repetir que non me parece feito de facer ordenanzas sen contar cos veciños.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu segundo acaba de dicir Ánxela dixo que falara con eles, con todos que non localizou a dous porque non deben existir, entón debater si xa falou con eles e eles non puxeron peros non entendo por que non se pode facer, porque claro unha cousa é que se fagan as cousas ás costas dos veciños e que iso en ningún momento se pode xustificar nin é normal, outra cousa é se se fala con eles e eles están de acordo co que se lle expón, pois non sei cal é o problema que hai que mandar por papeliños, pero da igual un papeliño que a palabra dunha persoa, eu penso que si ela foi falar con eles, para min vale o mesmo, para min aínda é mellor que veñan a falar comigo a que me manden un papel, ou sexa porque se me mandan un papel entendereino ou non o entenderei, agora se unha concelleira ven falar comigo e me explica de que vai o tema e se o entendo pois eu supoño que as persoas haberano entendido. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro-voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** O mesmo que na moción anterior na proposta anterior, vamos a ver, non vou a repetir o discurso, simplemente incidir nas cuestións polas que nós temos o criterio de votar en contra, primeiro non se consensuou cos veciños, cos colectivos culturais e de feito temos tamén algunha alegación deles que transmitiremos, e segundo que se debe aplicar concorrencia competitiva é para todas as asociacións e para todos os colectivos. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Ánxela

**A sra. González toma a palabra:** A impresión que me da a min sinceramente é que se fagan as cousas ben, dáme esa impresión en xeral, ó mellor preferides outra maneira de dar as subvencións, ó



mellor preferides unha maneira máis arbitraria e que non se xustifiquen os gastos, pero eu creo que iso non é maneira de facelo e ademais non se pode facer, e máis creo que estamos aquí precisamente para cambiar este tipo de cousas, penso eu. Pola miña honestidade, pola miña forma de pensar, e pola forma de tal a nós parécenos máis ético aínda que cada un poida ter a súa propia ética, a nós parécenos máis ético facelo así. Eu si falei coas asociacións culturais insisto, si falei, e si lles expuxen en que sentido van ir as subvencións, que van ir por concorrència competitiva, é máis varias asociacións culturais piden subvencións á Deputación que tamén son por concorrència competitiva segundo me contaron eles que eu nunca as pedín á Deputación, entón eu vamos a ver quédame mandarlle iso, efectivamente seguramente hoxe non, seguramente mañá a mañá ás 9 non o van a ter no ordenador porque hoxe sairei do Pleno tarde e seguramente non me poñerei a mandarlllo, seguramente o mandarei mañá pola mañá ou ó mediodía, porque eu pola mañá traballo entón mañá pola mañá se chamas ás asociacións culturais xa che digo que non o van case seguro, e me sentarei con elas se teñen algo que necesite que lle explique, é máis no Concello hai funcionarios e funcionarias están encantados de axudalos no que necesiten a outro nivel que necesitan unha explicación máis da ordenanza, máis de tal, eu estaría encantada de sentarme con eles, no período de alegacións incluso estaría aberta a que cambiasen cousas en canto eles o que quixeran, eu teño contacto telefónico coas asociacións culturais co cal nese sentido creo que non vai haber ningún problema porque en canto haxa algo que non entendan me van a chamar para que llo expliquen, porque ademais non so submisas, as asociacións culturais que hai neste Concello non son submisas, non din si bwana, porque me chaman para pedirme explicacións doutras cousas e disto tamén mas van a pedir e eu llas vou a dar. Este é un primeiro paso para se nun futuro se aproba, se nun futuro se aproba ben, e senón pois ó mellor non da tempo de aprobalas este ano, pero iso xa non é responsabilidade miña.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Ánxela. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Eu dixen dende o principio en que estabamos de acordo en que se establecera unha ordenanza nada de que se xustifiquen os gastos nin cousa polo estilo porque ata agora xustificase todos os gastos, claro que hai que xustificar todos os gastos, nós volvemos repetir estamos en contra deste procedemento vostedes non falaron cos representantes das asociacións non lle ensinaron todo este papelerio punto por punto para que o puideran ver o puideran estudar polo menos quince e logo ter unha xuntanza con eles para escoitalos, pero é unha cousa tan complicada?, parece tan complicada?, esa é a maior demostración de transparencia, agora aprobar aquí un regulamento algo bastante extenso, porque iso é bastante extenso, cun montón de criterios de valoración e todo, sen



ós representantes, falaría cos representantes das asociacións, e o que queira, pero os representantes das asociacións non teñen isto na man, entón mándallo canto antes para que presenten as alegacións, pero vólvolle a repetir, o procedemento para nós sería o contrario, e se fala con eles seguramente lle dirán o mesmo. Señora Fina voulle dicir, vostede no mesmo momento di unha cousa e a contraria, a anterior dicía que había que falar ca xente, antes había que falar ca xente non sei que, agora xa lle vale que lle digan que van facer algo e xa está que non lle fan falta papeis, foi o que dixo vostede entón é o que digo, di unha cousa é a contraria. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** A ver señor Padrón que é o que vostede non ten claro, non tape a cara, míreme para a cara cando falo polo menos que non son tan horrible. Vamos a ver eu digo que se Ánxela nos dixo que falou con eles, para min o importante é que falen ca xente, a ver dáme igual que lle dean un papel que llo explique, eu se me poño no lugar deles, chámame por teléfono ou veñen onde a min falar e mo explican, dáme igual que mo expliquen que me dean un papel si me van a dicir o mesmo, eu non teño por que non crer en Ánxela, ou vostede ten probas de que ela non falou con eles, non vostede está dicindo que non se falou, que non sei que, non se entregou papel, vale, pero da igual que se entregue o papel, se ela llo explicou é o mesmo, a vostede que lle vale o papeliño, a ver eu creo a persoa estame dicindo que falou con eles, que están de acordo con ela pois si me está dicindo que están de acordo, e vostede está dicindo que non falaron pois demostre a ver quen está dicindo a verdade, porque aquí non entendo nada, e paréceme un ataque absurdo, outra cousa é se ela fixera as cousas e non falara con eles, se a min me di que non falara con eles, digo non, non mire non, eu non vou a aprobar nada nin dar o meu visto e praxe sen contar con veciños, pero que é que si e non é que diga ou desdiga eu sei o que digo en todo momento aínda non estou tola. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Manuel.

**O sr. Fernández toma a palabra:** A ver Ánxela ó mellor non me entendiches o principio, vamos a ver, nós non estamos en contra do procedemento de que sexa concorrència competitiva, díceno ó principio, é a forma de que as asociacións fagan actividades e se manteñan vivas e que se lles dea un control as subvencións que se lles da, outra cousa é que antes de traer a Pleno unha aprobación inicial se consensuara con todos os colectivos as medidas e criterios de valoración, para traer algo aquí en conxunto que moi probablemente que todos votaríamos a favor sabendo que se consensuou con todos os colectivos, e segundo non me estades a dar resposta á pregunta que deixei caer antes, é dicir, vaise



aplicar o mesmo procedemento de concorrència competitiva para todas as asociacións e colectivos, porque penso que non, aquí soamente se fala de asociacións veciñas e culturais, e as deportivas nominativamente, hai asociacións e teño constancia documental de que están composta por 5 membros e que non fan actividades na localidade de onde ven o único nome que levan. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sométese a votación a ordenanza. Votos a favor, votos en contra, abstencións. Agora voulle a responder eu, este goberno actúa en común, e dende logo que se está elaborando dende a área deportes unha ordenanza que vai encamiñada tamén a traballar para conceder as subvencións en concorrència competitiva. Nada máis que dicir, é a legalidade ademais como ben dixo o señor Sarín, é o que marca a lei traballar con concorrència competitiva á hora de facer as achegas de conceder as achegas ós colectivos, e polo tanto así se vai a traballar, entón probablemente no mes de, no próximo Pleno non, pero no seguinte traerémola a Pleno e vostedes espero que estean de acordo. Recordarlle a todo o mundo aquí presente que o prazo para as alegacións é de 30 días a partires do momento en que se publique a aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, 30 días desde da aprobación no Boletín Oficial, desde a publicación no Boletín Oficial da Provincial. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG, os votos en contra de PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da Ordenanza reguladora para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da Cultura no ano 2016.”**

#### **4- TRAMITACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “PRIMEIRA FASE DE AMPLIACIÓN DA ESTRADA OU-160, ROSALES-OU518”.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día é a Tramitación da expropiación dos terreos para a execución da obra denominada “Primeira fase de ampliación da estrada OU-160, Rosales-OU518”. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Boas tardes a todos e a todas, isto é unha cuestión meramente técnica na que demos conta na Comisión Informativa, xa deu conta naquel momento a administrativo que asistiu, non sei se a Secretaria quere facer algunha precisión pero creo que queda claro para todos os grupos, que se trata dunha expropiación forzosa agora estamos á espera de que se





estipule o xustiprezo e non, a Secretaria quizá poda explicalo mellor.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Como xa explicaron nas Comisións Informativas estamos na fase de xustiprezo consistente en determinar a cantidade económica na que se avalía cada unha das fincas. Neste caso a fase de xustiprezo realízase soamente cunha propietaria porque o resto son descoñecidos entón o procedemento é a publicación dos anuncios no Boletín oficial da provincia ante a situación de descoñecemento posteriormente ingresaremos en modo de depósito a cantidade na Caixa xeral de depósitos, e coa propietaria coñecida o trámite será invitarlle a que faga unha valoración da súa finca avalada por peritos non pode ser unha valoración inxustificada e esa valoración será examinada polos nosos técnicos farase unha contravaloración en caso de non estar de acordo e finalmente si non chega a un acordo o asunto pasará ó Xurado provincial de expropiación. É un procedemento técnico e os acordos que se propoñen están sinalados e revisados por Secretaría.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Votos a favor polo tanto. Algunha intervención previamente. Pois sometemos este punto da orde do día a votación. Votos a favor, votos en contra, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto, e as abstencións de Democracia Ourensana: “ **Tramitación da expropiación dos terreos para a execución da obra denominada “Primeira fase de ampliación da estrada OU-160, Rosales-OU518”**”: Transcorrido o prazo legalmente establecido para a realización de alegacións o acordo da necesidade de expropiación dos terreos necesarios para a execución da obra denominada “Primeira fase de ampliación estrada OU-160, Rosales-OU 518”, sen que se presentara ningunha, respecto ás fincas que se describen a continuación:

**Parcela 272 del polígono 26 con R.C. 32009A02600270000UI.**

**Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.**

**Propietario: D. Avelino Rodríguez Congil.**

**Dirección: Barbadás, Ourense.**

**Superficie total de la parcela: 2.478m<sup>2</sup>.**

**Superficie afectada: 415,15m<sup>2</sup>.**

**Parcela 296 del polígono 26 con R.C. 32009A026002960000UO.**

**Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.**



**Propietario:** Flora Rodríguez Fernández con NIF: 34525999D.

**Dirección:** Ramón Cabanillas 11 B 4ºA.

**Superficie total de la parcela:** 1.445m<sup>2</sup>.

**Superficie afectada:** 297,65m<sup>2</sup>.

**Parcela 130 del polígono 27 con R.C. 32009A02700130000UW.**

**Parcela ubicada en Suelo Rustico de Protección Forestal y en Zona de Policía de Cauces y Riberas.**

**Propietario:** En investigación.

**Dirección:** En investigación.

**Superficie total de la parcela:** 153,00m<sup>2</sup>.

**Superficie afectada:** 103,00m<sup>2</sup>.

Intentando unha adquisición de mutuo acordo, sen resposta por parte dos propietarios coñecidos e acreditados, procede a continuación do procedemento ordinario para a determinación do xustiprezo.

En base ó anteriormente mencionado, procede a adopción do seguinte acordo polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa:

**PRIMEIRO:**

Que se tramite a fixación do xustiprezo como peza separada, mediante procedemento individualizado na que figurará a exacta descrición do ben concreto e un extracto das actuacións practicadas para a fixación por mutuo acordo do prezo de adquisición.

**SEGUNDO:**

Que se requira ó propietario para que no prazo de vinte días, a contar dende o seguinte ó da notificación, presente folla de aprecio na que se concrete o valor en que estimen o obxecto que se apropia, podendo aducir cantas alegacións estimen pertinentes, coa advertencia de que a valoración haberá de ser forzosamente motivada e poderá estar avalada pola sinatura dun perito con título profesional expedido polo Estado.

**TERCEIRO:**

En cumprimento do preceptuado no artigo 30 do Regulamento de Expropiación Forzosa, a data legal de iniciación do procedemento de xustiprezo é a de 2 de decembro de 2015.”

### **5- DECLARACIÓN DE SERVICIOS PRIORITARIOS PARA A CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO OU TÉCNICA DE IGUALDADE.**



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó quinto punto da orde do día que é a declaración de servizos prioritarios para a contratación dun técnico ou técnica de igualdade. Ten a palabra a señora Ánxela Cid.

**A sra. González toma a palabra:** Fai dous días en menos de 24 horas dúas mulleres asasinadas unha aquí ó lado en Becerreá, isto pode ocorrer momento, pode ocorrer en calquera lugar, e pódenos ocorrer a calquera de nós. Por iso este Goberno considera que é unha obriga ineludible poñer todos os instrumentos que estean na nosa man para loitar contra o feminicidio e intentar que nunca isto volva a acontecer. Barbadás non é un Concello alleo a esta situación, cóstanos que no último ano en Barbadás houbo mulleres de distintas idades, de 20, 30, 60 e máis de 60 anos vítimas de violencia de xénero a maioría de violencia física, e varias en situación de violencia psicolóxica. Cóstanos que moitas destas mulleres teñen fillo e fillas que son testemuñas e vítimas de situacións realmente dramáticas e cóstanos tamén que hai moitas máis, porque en Barbadás non temos persoal experto nin servizos axeitados polo aquí moitas delas a Garda Civil directamente son desviadas o de Ourense polo que non constan de xeito oficial, por outra banda, sabemos tamén que nos colexios existen casos no que a diferenza pola orientación sexual provoca actitudes nos demais de non aceptación, o que día a día merma a autoestima das vítimas que non contan coas ferramentas apropiadas para evitar posibles caso de acoso e que a determinadas idades as mozas caen en estereotipos e falsas ideas que as levan a establecer relacións en desigualdade que son o caldo de cultivo para posteriores malos tratos. Non podemos esquecer ademais que a violencia de xénero afecta a moitas persoas que non teñen recursos para poder defenderse ou escaparse desta situación como persoas maiores, e mesmo persoas con discapacidades. En marzo de 2015 o Concello de Barbadás presentou o terceiro plan de igualdade e supoño que cando se elaborou se terían en conta, é que Chelo, vamos a ver, perdoa un momentinho, é que Chelo ti, non, pero é a responsable do terceiro plan de igualdade. Presentouse o terceiro plan de igualdade supoño que cando se elaborou se terían en conta todos estes factores pensando que habería que abordar medidas urxentes para atallar esta situación. Por iso temos o papel, non hai persoal coa cualificación técnica e profesional para acometer as accións que se prevén no plan, por iso é fundamental dotalo de recursos e así o prevemos nos orzamentos do 2016, coa finalidade de contratar aínda que só sexa a tempo parcial unha persoa experta e especializada na materia. Como xa falamos algo disto na Comisión Informativa quero facer soamente un par de aclaracións, o Partido Popular que nunha moción posterior propón substituír este perfil por un perfil de educador ou educadora familiar, dende o noso punto de vista, os seus acometidos son completamente diferentes aínda que si poidan ser



complementarios. Un educador familiar como o seu nome indica actúa máis ben dende o ámbito pedagóxico na mellora das relacións parentais orientando ás familias nas relacións de convivencia e ofertando pautas educativas cando existe un modelo educativo inadecuado, ou cando se presentan problemas de organización familiar, falta de recursos comunicativos entre os distintos membros da unidade familiar, etc, ten pois un carácter de tipo pedagóxico no primeiro ámbito socializador que é a familia, pero non é un experto en igualdade. Un experto ou unha experta en igualdade debería intervir sobre outros campos tales como a prevención socio-educativa, a detección temperá da situación de violencia as súas fases, a abordaxe para poder achar con esa violencia, a aplicación de protocolos para evitar a vitimización secundaria, intervir sobre sectores de poboación en risco, impulsar o impacto de xénero nos diversos ámbitos cultural, laboral, institucional, social, tendo en conta variables como a inmigración ou a diversidade funcional. Trátase de sensibilizar e loitar pola igualdade no ámbito das diversidades sexuais, trátase de implementar medidas como asesoramento e apoio para saber que facer no caso dunha violación, ou no caso de necesitar axuda xurídica ou psicolóxica, trátase de implementar medidas sociais ou de tecer redes de axudas ás vítimas, trátase de canalizar denuncias, en definitiva trátase de impulsar de xeito serio e rigoroso políticas para conseguir a igualdade real entre mulleres e homes sen discriminación de ningún tipo nin de orientación sexual. Non sei se o resto dos membros da Corporación, pero a min non me gustaría levar sobre a miña conciencia que por non poñer todos os instrumentos que están na nosa man tivésemos que mirarlle ós ollos algunha vítima desasistida ou algún familiar de alguén que xa non pode mirarnos. Eu quero utilizar a política para evitar na medida do posible unha vítima máis por razón de xénero, de orientación sexual ou de outros tipo de desigualdade, poder contribuír a que unha soa muller poida darse conta de que non merece un trato que menoscabe a súa persoa día a día, que poida darse conta de que hai saída a esa situación de dependencia e de medo e para min unha loita que non abandonarei por moito que vostedes se empeñen en desdibuxala ou en debuxala como algo que pode facer calquera porque vostedes se queren darlle luz a unha casa precisan a un electricista, aínda que o albanel complemente e axude a construíla, pero precisar, precisan ó electricista. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Ánxela. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** O noso grupo como non podía doutro xeito apoia a contratación deste técnico todo á vez que non existe no Concello e vendo a problemática que existe na nosa sociedade entorno á violencia de xénero, cremos imprescindibles que o Concello se dote dunha persoa que traballe en prol da igualdade en todos os ámbitos. Nada máis.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Nós estamos de acordo en que hai que protexer a todas as persoas vítimas da violencia eu son a primeira persoa que está en contra diso, ninguén máis que ninguén, hai que acabar con esa lacra que azouta a sociedade, pero en todos os países, e nós desde o Concello de Barbadás podemos facer moitas cousas, pero penso que eu estivenme informando e penso que un educador social tamén nos podía facer o que vostede nos está pedindo, porque saquei de internet o que fai un educador social e iso que vostede está pedindo tamén o fai, entón penso, Ánxela eu téño aquí e eu o que vexo é a función dun educador social non me vou a poñer a lelo todo o que fai, porque aburriría ó público, porque fai moitas funcións. Si o educador familiar, e educador social pero quero dicir que vostede pide un técnico, e eu penso que un educador fai máis funcións, podería levar a función que vostede pide, e levar as outras que polo cargo que ten pode facelas, non sei eu penso que se unha persoa pode levar máis cousas ca unha mellor, de feito vós é o que sempre dicides dende o Goberno, que unha persoa é mellor unha persoa que faga tres ou catro tarefas e non só unha, e neste caso un educador social pois é mellor que o que está pedindo vostede, penso. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceira ou voceira do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos e a todas. O grupo Popular do Concello de Barbadás entende que non se xustifica en modo ningún a urxencia deste contratación, ninguén está en contra ou a favor da violencia de xénero nin moito menos, pero do que se trata aquí é se esta contratación é urxente e prioritaria para o Concello ou non, e en modo algún demostrouse como diremos máis adiante. A Lei 48/2015, 29 de outubro de orzamentos xerais do estado para o ano 2016, di no seu título 3 capítulo 1, onde fala dos gastos de persoal ó servizo do sector público no seu artigo 19, establece as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ó servizo do sector público sinala no apartado 1 a efectos do establecido no presente capítulo constitúe no sector público varios apartados, no apartado c as corporacións Locais e organismos delas dependentes. No artigo 20 fala da oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión da necesidade de persoal, no apartado 1 deste artigo ó longo do exercicio 2016 di “unicamente se poderá proceder no sector publicado delimitado no artigo anterior a excepción das asociacións mercantís públicas entidades públicas, empresariais, fundacións consorcios, etc, á incorporación de novo persoal con suxeición ós límites e requisitos establecidos, respectando en todo caso las dispoñibilidades presupostarias do capítulo 1 dos correspondentes orzamentos de gastos,



nos seguintes sectores e administracións a taxa de reposición se fixará ata un máximo de 100% e son sectores como administracións públicas con competencias educativas, administracións públicas con competencias sanitarias, as forzas e corpos de seguridade do estado, os corpos de policía autónoma, etc, en ningún caso de técnicos de ningún tipo, nin técnicos de igualdade, ademais deberá cumprir o principio de estabilidade que se refire o artigo 11.4 a lei orgánica 2/2012, 27 de abril de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, no apartado 2 fala que durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais, e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que re restrinxirán aos sectores funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais, como non é o caso. Está claro que a contratación dun técnico igualdade non é nin un servizo esencial nin prioritario. Por outra banda na súa exposición de motivos porque tanto nos informes de Secretaria como de Intervención non se xustifica a urxencia desta contratación en modo algún só se xustifica nun informe de Alcaldía e nun informe da Concelleira responsable do sector. Por outra banda di a señora Concelleira de igualdade que nunha longa exposición de motivos non baralla ningún dato concreto do noso Concello que xustifica esa urxencia, e basea todo en datos xerais de Galicia e mesmo do resto de España. Se é urxente contratar e aumentar o persoal de Servizos Sociais como ben recolle a Concelleira dona Ánxela na súa exposición de motivos, estes traballadores sociais suplen o traballo dun técnico de igualdade con creces, ademais de atender moitas máis necesidades sociais en xeral, por iso nós propoñemos a contratación de educadores sociais nunha moción que despois presentamos, iso si é prioritario. Tamén sería prioritario contratar e aumentar a plantilla de traballadores de axuda a domicilio no que somos deficitarios neste Concello como en moitos outros, máis aínda cando este Concello quedouse 625.000 e pico euros do IBI cobrado de máis ós veciños, aí estaría ben empregado todo ademais forma parte da demagogia a que nos ten acostumados este bipartito, tripartito de Barbadás, moitas palabras e pouca xestión. Por todo isto vamos a denunciar xuridicamente e politicamente esta contratación ata as últimas consecuencias. Facemos extensiva esta proposta ó resto dos grupo da oposición xa que doutro xeito serían reos e cómplices especialmente o señor Padrón Calviño. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Ánxela González.

**A sra. González toma a palabra:** O que está claro aquí é que vostedes non teñen ningún interese en que aquí se faga un traballo sobre a igualdade de feito téñeno demostrado xa e perdoen que llo repita



en todos este anos que non foron quen de poñer en marcha este servizo, cunha persoa que xa debería estar funcionando a día de hoxe porque a Concellería de igualdade estaba como Concellería de igualdade, familia, xuventude, deporte e non sei cousas máis, e debería de estar funcionando a día de hoxe, debería ter xa esta técnica contratada e estar facendo xa traballo, si hai datos no Concello de Barbadás o que pasa é que non nos vou a poñer neste Pleno, porque son datos confidenciais, pero estoulle falando de datos concretos dende o momento que lles digo que hai mulleres de 22 anos ata máis de 60 anos con fillos e fillas que se dirixen neste momento ós servizos sociais que non lle dan dado cobertura pola cantidade de traballo que teñen e que se derivan ós cins, non hai un experto en igualdade capaz neste Concello de facer o traballo que ten que facer e sobre todo de previr que é o que non lle entra a vostede na cabeza, previr situacións de malos tratos día a día están morrendo mulleres en Galiza, en Galiza e fóra de Galiza, cada día durante o verao pasado había unha muller morta nas noticias, neste fin de semana en menos de 24 horas dúas mulleres mortas, se a vostede iso non lle remove a conciencia por dentro vaia por Deus, agora se a vostede claro din, si o educador sociais que vale para todo, non señor, neste caso non nos vale alguén que valga para todo, necesitamos unha persoa experta nestes temas, unha persoa que saiba como dirixirse a mulleres que non son quen de rachar con determinadas situacións de dependencia e de medo, necesitamos persoas que sexan capaces de empatizar e de sentir como se senten, necesitamos persoas que teñan estudos e que teñan experiencia con respecto a este tema, vostedes denuncien o que lle dea a gana politicamente, xuridicamente, se con iso a súa conciencia se queda tranquila, adiante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Ánxela. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Ramón Padrón toma a palabra:** Só repetir que a problemática que está latente hoxe na sociedade xustifica a que o Concello de Barbadás conte cunha persoa neste ámbito que non a tiña se como se demostrou e como se falou nas Comisións Informativas había un plan de igualdade, pois ese plan de igualdade está claro que polo menos terá unha persoa responsable que o leve a cabo. Señor Manuel vai acabar os cualificativos, porque xa me chamou ladrón, reo, cómplice, pero vostede mesmo se cualifica a si mesmo, siga por ese camiño que vai ben.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu volvo a dicir o que dixen antes que temos que acabar con isto, e penso que dixen antes con un educador social pode facer esa tarefa perfectamente, esa e máis, porque ten máis competencias. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Manuel voceiro do Partido



Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Ó señor Padrón Calviño en ningún momento lle chamei ladrón e aí está recollido en acta entón non é cuestión de discutir aquí cousas desas. O tema importante e o meollo da cuestión é que isto non son declaracións de boas intencións basicamente, aquí o problema é que os servizos sociais efectivamente recoñecer son deficitarios, pois é o que lle pedimos nós, cúbramos, aumentenos, e tratemos a toda esta xente estes problemas con quen ten que tratalos, os técnicos non son policía de 24 horas. E por outra parte a nós pódenos gustar moitas cousas e traer aquí demagoxias as que queiramos pero hai que cumprir a lei señores e iso átanos a todos, a lei átanos e nos obriga a todos, o que pasa é que ó final o problema pois como pasa sempre e un problema de competencias entre o PSOE e o BNG, é dicir, o que se trata como di a señora Concelleira na exposición de motivos entre outras moitas, di que creouse por primeira vez na historia do noso Concello a Concellería de igualdade, estamos descubriendo a pólvora todos os días, e que a día de hoxe se atopa nunha situación de baleiro ó non contar con persoal adscrita á mesma ese é o problema do choio, temos que ter con persoal dedicado a cada Concellería igual que ten unha oficina para cada cousa, igual que hai dous gobernos neste Concellos apoiados por un terceiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Manuel. Sométese a votación a contratación dun técnico ou unha técnica de igualdade, votos a favor, votos en contra, abstencións. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto, os votos en contra do PP e as abstencións de Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Declaración de servizos prioritarios para a contratación dun técnico ou técnica de igualdade.”**

### **6- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A NECESIDADE DE EDUCADORES/AS SOCIAIS NO NOSO CONCELLO.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día é a moción do Grupo Municipal Partido Popular de Barbadás sobre a necesidade de Educadores/as sociais no noso Concello. Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos, desculpas ante todo ó Pleno e ós veciños que nos acompañan hoxe á tarde, por motivos de traballo chegue un cuarto de hora tarde non era a miña intención, pero viña en estrada e antes é a seguridade de poder chegar e seguir defendendo os intereses dos cidadáns de Barbadás. A moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás sobre a





necesidade de educadores sociais no noso Concello. O Grupo do Partido Popular de Barbadás tivo coñecemento nos últimos meses de varios casos de problemática social e que encaixan no ámbito das competencias exclusivas da área de educación social e familiar do noso Concello. Actualmente este servizo conta cunha Educadora Social, en situación de IT, dende hai tempo. Este posto laboral é subvencionado anualmente por un plan da Deputación Provincial, e carece de substitución neste momento. O número de habitantes de Barbadás supera a ratio para contar con dous Educadores Sociais ou Familiares. Asemade, como todos sabemos o número de poboación infantil é moi elevada, sendo este o sector onde máis intervención se precisa. Os acordos que queremos levar a Pleno:

1- Instar ó Grupo de Goberno para que solicite un informe dos técnicos municipais sobre o número de situacións actuais detectadas polos servizos sociais do Concello e susceptibles de intervención por parte de Educadores Sociais ou Familiares, e que solución ou trámite se lle está dando.

2- Solicitar ó Grupo de Goberno a contratación por calquera das vías existentes de un/unha segundo/a Educador Social e a substitución laboral da existente.

A cidadanía tedes que saber que neste momento a persoa que estaba levando esta área está de baixa temporal e leva uns cantos meses e a partir do mes de xuño pasará directamente pola información que temos, nós o que pedimos neste momento é que o diñeiro que se ía empregar para contratación do técnico de igualdade se pode facer o que todas desenvolver todo o que a Concellería de igualdade pode desenvolver este técnico, e incluso traemos as funcións que leremos a continuación e que vou dicir máis ou menos sen remitir todas. As funcións xerais das educadoras e os educadores sociais nos servizos sociais son: transmisión, desenvolvemento e promoción da cultura, coñecemento análise e investigación de contextos sociais e educativos, xeracións de redes sociais, contextos procesos e recursos educativos e sociais, mediación social, cultural e educativa, deseño, implementación e avaliación de programas e proxectos educativos; partimos da base de que o traballo que realizan os profesionais dos servizos sociais municipais, se divide en tres grandes ámbitos de intervención, traballo individual e familiar, traballo grupal e comunitario, e xestión de servizos, é dicir, respecto ao traballo individual e familiar a educadora e educador social teñen como funcións propias entre outras: detención e prevencións de situacións de resgo ou de exclusión social basicamente dende a intervención no medio aberto, recepción e análise das demandas dende o medio aberto a través de entidades institucións e outros servizos, de persoas e familias en situacións de resgo ou dificultade, elaboración e seguimento e avaliación do plan de traballo socio-educativo, individual, información orientación e asesoramento ás prestacións e recursos sociais do territorio que poden facilitar relación



socio-educativa, implementación e avaliación das accións de apoio para reforzar, o compoñente socio-educativo da intervención, e Ánxela antes dixéchesme a min o mesmo, pídocho a tí, elaboracións dos informes socio educativos pertinentes, respecto ao traballo grupal e comunitario hai máis pero vou a ir recortando, respecto ao traballo grupal e comunitario as funcións do educador ou educadora social, algunhas delas son compartidas co resto dos profesionais que xa existen neste Concello, é elaboración do proxecto de prospeccións, sensibilización e dinamización, recepción e análise das demandas de entidades dos grupos veciñais, promoción e elaboración e seguimento dos proxecto de prevención, participación nos grupos de traballo que existe no seu ámbito de actuación xeográfica, colaboración con outras entidades e sistemas, promoción da organización e animación da comunidade para conseguir súa mellora de nivel social, finalmente en relación ás funcións de xestión do servizo, onde traballan as e os educadores sociais, as funcións máis destacadas e plenamente compartidas co resto do equipo son: formulación de propostas técnicas necesarias para a mellora da calidade do servizo, valoración das pertinentes necesidades dos servizos, participación, elaboración, desenvolvemento organización dos programas xerais do servizo, é dicir, que con todo isto e non vou a seguir lendo porque podo aburrir. Entón o que si quero dicir é que neste momento o Concello de Barbadás ten a dúas traballadoras sociais

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaia rematando señora Chelo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Dúas traballadoras sociais, cando non interesa córtaseme

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non señora Chelo, cinco minutos, dezanove segundos

**A sra. Vispo toma a palabra:** Teño segunda intervención non hai problema ningún

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Prosiga brevemente, só dixen que vaia rematando

**A sra. Vispo toma a palabra:** Ten dúas traballadoras sociais e neste momento unha educadora familiar que está de baixa o que si pedimos é que no momento que sexa posible creo que a partir de xuño pola información que nós temos agora mesmo, que xa se podería se ese diñeiro que se vai a empregar no técnico de igualdade que non ten prioridade como xa dixo o meu compañeiro Manuel, neste momento vamos a intentar impugnar esa tramitación dese expediente para contratar a esa persoa de igualdade, queremos que a educadora familiar ten moito máis ámbito e pode recoller os dous servizos. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dende o noso grupo e ante a problemática que existe polo, que no non conta agora mesmo o Concello coa educadora social dende o seu traballo pois o Concello que ten que



establecer algún tipo de mecanismo para que emendar esta deficiencia e no prazo máis breve de tempo posible contrate unha educadora social ou se solucione esta problemática, entón en principio estaríamos a favor da proposición que fai o Partido Popular.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo Democracia Ourensana,.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Como dixen antes un educador familiar leva moitas máis cousas que as que se estaban propoñendo na anterior moción, polo tanto estou moi de acordo que haxa unha educadora familiar e quero explicaros unha cousa, vouna explicar neste punto porque estou de acordo con esta moción pero voume abster nela e vouvos dar os motivos das miñas abstencións. Desde que estou con vós dende o mes de xuño veño notando que as mocións que presenta o goberno saen todas adiante, as mocións que se aproban dende a oposición, non se fan ningunha, entón vexo que é unha perda de tempo é facernos perder o tempo e sobre todo non é facernos perder o tempo, senón é defraudar ós veciños porque os veciños acércanse a un solicitando cousas nós expoñémolas e díselles si vai a Pleno, todo se debate, si debater si, pero facer non fai nada, entón quero dicirvos que a abstención é por este motivo, estou moi de acordo co Partido Popular de crear un posto de educador familiar porque se necesita, e sobre todo insistir que a ver se empezades a escoitarnos a ver se de verdade hai unha oposición digna, unha oposición unida e non un paripé que é o que estamos aquí facendo, porque cando o señor Padrón non quere absterse, entón que pasa ca abstención pois voto de calidade do señor Alcalde e sae todo aprobado, entón isto parece un goberno de maioría, entón o meu traballa moitas veces vexo que é tirado, é un traballo ridículo e síntome un pouco defraudada, pénsosvos que as debater todas que me vou abster, isto non quere dicir que o vaia a seguir facendo nos seguintes Plenos, senón irei vendo que é o que ides facendo porque ata agora tédesme un pouco desilusionada e defraudada. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Dende o grupo de goberno estamos de acordo co sentido e ca maioría dos acordos da moción, xa que efectivamente pois hai que manifestar que no organigrama da Concellería de Servizos Sociais temos unha traballadora que é a educadora familiar que leva como ben dixo o Partido Popular pois evidentemente que desenvolvía estas tarefas de educadora familiar e que leva en situación de IT dende hai ben tempo, polo tanto as tarefas que puidera desenvolver esta traballadora evidentemente pois están, que puideran darse nos centros de ensino, que puideran darse nas familias, que puideran a problemática que puidera abordar a educadora familiar neste caso, pois se



está abordando dende as técnicas de servizos sociais ou ben derivándoos a outros organismo da cidade pero evidentemente a xestión non é a acaecida porque non temos á persoa hoxe que evidentemente con estes cometidos específicos. Dikir que efectivamente tampouco ten nada que ver o que se está falando de o traballo que pode desenvolver unha educadora familiar cun técnico de igualdade, é dikir, non podemos mesturar allos con cebolas, non ten absolutamente nada que ver, a vostedes válelle todo, todo lles vale para todo, pero non é así, evidentemente non é así. Efectivamente os cometidos que puidera desenvolver esta traballadora relativos á clases extraescolares, ou talleres de memoria que hoxe temos pois abordando dende a Concellería con outro, aquí estamos abordando evidentemente doutro xeito, porque non temos á persoa que puidera estar desenvolvendo estas cuestións que está en IT como xa lles digo. Dikir que o pasado mércores día 10 saíu no Boletín Oficial da Provincia unhas bases onde se expoñen a publicación inicial do programa ben Ourense que sae a información pública por un prazo de 10 días e que nestas bases pois figura unha partida orzamentaria de 15.013€, que efectivamente esta con posterioridade procederá a unha publicación definitiva a estas bases e que evidentemente nós vamos a solicitar para proceder efectivamente á unha, xusto a contratar a unha persoa para substituír si efectivamente se segue dando a situación actual evidentemente no mes de xuño cando se da pois a situación dun ano de IT da traballadora actual e que evidentemente pois digamos podemos a partir dese momento o Concello deixa de pagar as retribucións desta baixa e este salario evidentemente vamos a poder a partir dese momento abrir unhas bases, abrir unha convocatoria pública e afrontar un contrato de substitución a partir do mes de xuño dunha traballadora e dunha educadora familiar que substitúa a IT da actual estou pondo o carro diante dos bois se efectivamente se a situación se mantén don mes de xuño, vamos a ver nada máis simplemente que efectivamente podemos estar de acordo co sentido da moción pero si no punto segundo solicitaríalle, porque solicitan a contratación dunha segunda educadora, nós para votar a favor terían que emendar ese punto e dikir que efectivamente un contrato de substitución a partir do mes de xuño dunha traballadora dunha educadora familiar para un contrato de substitución da traballadora actual para poder votar a favor. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vamos a ver, empezo pola señora Fina Varelas. Señora Fina Varelas a min non me defrauda este goberno, a min non me defrauda este goberno, o que nós temos que traer o traballo feito, aínda que nos dean para atrás a todas as mocións, o Partido Popular trouxo ata agora mocións que cremos que fixemos o traballo que os veciños teñen que saber que por desgraza pois á



hora que están os Pleno soamente nos poida acompañar pouca xente, como veciños que están hoxe aquí, pero que saiban a través da prensa que chegamos a acordos que aínda que non nos deron a razón aquí se fixeron como o tema do Fonval, o local de Fonval xa volve a ser como antes, que saiban os veciños que o tema dos impostos intentamos aforrar os veciños 600.000 € que é o que ten o goberno e que realmente non nolo fixeron, el traballo si o estamos facendo que pasa, que ás veces nos desilusionan, claro que si, porque chegamos aquí e a oposición que somos que debíamos estar unidos e ir contra o goberno o que estamos é que temos a unha persoa da oposición, que está apoiando ó goberno, e que debeu de apoialo e que está no goberno no seu momento, pero seguiremos dicíndollo á cidadanía para que saiban o que hai. Si que a xestión, señor Sarín, si podían xa estar con esa educadora familiar, educadora social si xa a podían ter se o diñeiro do técnico de igualdade xa estivera, e despois decátese ben do que vostede di, o de ben Ourense, vamos a ver o Concello de Barbadás entre 10.000 e 20.000 habitantes ten dereito a dúas educadoras sociais e a unha educadora familiar, xa o temos pero esa persoa está de baixa, entón nese momento esa subvención se está xustificando a Deputación non vai dar outra subvención, enténdeme, nós o que pedimos é que cos cartos da educadora familiar, vamos a ver, é igual vostede diga o que diga eu si que o lin, e explicáronmo na Deputación, entón vale perfecto as bases tamén as teño eu, pero estoulle dicindo que entre 10.000 e 20.000 habitantes o Concello Barbadás repítolle ten dereito a dúas traballadoras sociais que xa están neste momento e a unha educadora familiar que está de baixa, esta educadora familiar, levan vostedes dende o mes de xuño traballando e xa podía estar con ese diñeiro que vostedes teñen para o educador, o técnico de igualdade, xa podía estar traballando nos colexios, e podía estar facendo igual o plan de igualdade que temos feito dende o Partido Popular e feito por esta Concellería que lévana no seu momento, ou sexa, que ben Ourense non lle vai dar nada senón que no momento teñen que seguir xustificando esa subvención, e nada máis. eu creo que está ben explicado que os cidadáns que si Fina, claro que ás veces saímos de aquí todos coa cabeza baixada, de que vemos de que isto soamente vai, concellerías, despachos para cada partido político, estámolo vendo por onde van, van arrasando. Temos que vir a oposición para arranxando os temas segundo nos van pedindo a cidadanía igual que as asociacións de veciños, igual que as asociacións culturais, Fina non faloron con todas e que o saibas. Nada máis grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Chelo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Mire señora Fina, nós viñemos aquí aprobamos a acta anterior, votamos a favor, aprobaciós das ordenanzas das asociacións votamos en contra porque falamos cos



representantes e non estaban de acordo co procedemento que levaba e votamos en contra, a tramitación da ocupación dos terreos votamos a favor, da declaración dun técnico de igualdade votamos a favor, nesta moción votaremos a favor, quérolle dicir, nós votamos o que consideramos que para nós é se vota a favor ou se vota en contra ou abstémonos, pero daremos uns argumentos e os argumentos nosos está claro que os outros partidos non lle convencen pero a nós si, facémola en base a un estudo que facemos e os nosos propias convencementos e o que falamos coa xente que lle afectan as cousas nada máis, non vamos aquí a vir a votar en contra por sistema, ou vir a votar abstencións por sistema ou a votar a favor por sistema. E logo dicirlle á señora Chelo Vispo, que si nós estamos na oposición, somos todos oposición, pero vostede no pacto de investidura votouse a si mesma, e a señora Fina creo que tamén se votou a si mesma, nós firmamos un pacto de investidura que nos equivoquemos ou non nos equivoquemos o tempo o dirá, pero firmamos un pacto de investidura no que apoiamos ó Alcalde que está hoxe aí sentado, entón aínda que esteamos na oposición a responsabilidade súa e nosa é diferente, creo non sei.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Fina Varelas toma a palabra:** A responsabilidade súa e miña tería que ser a mesma defender ós veciños o tempo vostede, porque eu penso que acaba de meter a pata. Estou na miña quenda de palabra. Vostede meteu a pata, vostede soliño se acaba de descualificar, mire eu penso que me expliquei moi claro antes por que a abstención, porque mire señor Padrón, si o goberno presenta unha moción e vostede cando lle convén abstense aprobala, se se aproba dende a oposición non se fai, se se aproba por unanimidade como pasou co tema dos colexios ó seguinte mes tombouse porque a ANPA que non valía entón preguntome de que valen as mocións, primeiro non son vinculantes e non estou acostumada na miña vida a facer un paripé, eu traballo e quero froitos, e os meus froitos sei que no Concello é axudar ós veciños, e se eu vexo que veño a perder aquí catro horas, ou tres horas porque vostede por exemplo no Pleno dos presupostos non fixo absolutamente nada, pois claro que me enfado, e enfádome moito, porque mire eu para perder o tempo quedo, fago deporte, pónome a ver a tele, e non veño a facer un paripé porque na súa moción que vai a presentar volve dar unha contestación que vostede me deu e vai a ver que vostede fai o paripé, e estou cansada, si, porque a oposición penso que vostede se quere privilexios e como vostede presume desta investidura porque a terceira vez que xa inviste, vamos investir como os touros catro veces, xa que, xa non sei nin o que digo. O tema é o seguinte vostede sempre os apoia, paréceme ben, eu non vou dicir o que vostede ten que facer, agora hai que ter valor porque para estar no goberno hai que ter valor, faltoulle, pero para



estar na oposición hai que ter máis valor, e estalle faltando. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra:** eu como dixen na primeira intervención vou reiterar un pouco no mesmo e que efectivamente estamos de acordo co sentido da moción sobre todo co primeiro acordo, no segundo acordo si que solicitamos que efectivamente poida facer unha emenda ó respecto porque non lle podemos aceptar a contratación dunha segunda educadora familiar e a substitución da asistente porque daría lugar a dúas educadoras familiares, entende, e nós a tesitura na que estamos é en acudir a esta subvención de ben Ourense estes 15.013 € e proceder á contratación da substitución como lle expliquei no seu momento, entón se teñen a ben facer a emenda votaremos a favor con esa emenda, senón absteríamos. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo Vispo aceptan a emenda presentada polo señor Serafín Núñez

**A sra. Vispo toma a palabra:** Tería que ser por separado se se pode, porque emenda non pode ser porque estamos incorrendo, primeiro decátase do que é a subvención, a subvención é para cubrir para á persoa que está neste momento, non podemos ter unha segunda, non sei se me entende, pero é que esa subvención, non me entendéstedes, esa subvención é xa para a persoa que está, entón nós ou o votamos por separada ou a segunda non a podemos cambiar porque queremos que neste momento ata que estea cuberto haxa outra persoa, non se se me entendes.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non acepta polo tanto a emenda.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Ata o mes de xuño hai un problema, que xa tería que estar cuberto dende o mes de xuño que entrástedes vós, nós o que queremos é que con ese diñeiro que hai nesa partida se contrate a outra persoa, e a partir do mes de xuño esa subvención vaise ter que seguir xustificando, entón non podemos facelo, é que estamos incorrendo, é que non se pode facer, non sei se me entende, é así, entón a ver, por separada nós estamos de acordo, emenda non, porque é que, é ir en contra do que estamos pedindo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entón non acepta a emenda. Votos a favor, abstencións, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP e Grupo Mixto e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e Democracia Ourenzana o seguinte acordo: “**Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás sobre a necesidade de educadores/as sociais**”



**no noso Concello: 1- Instar ó Grupo de Goberno para que solicite un informe dos técnicos municipais sobre o número de situacións actuais detectadas polos servizos sociais do Concello e susceptibles de intervención por parte de Educadores Sociais ou Familiares, e que solución ou trámite se lle está dando. 2- Solicitar ó Grupo de Goberno a contratación por calquera das vías existentes de un/unha segundo/a Educador Social e a substitución laboral da existente.”**

Quero dicirle agora á señora Fina Varelas que as propostas que se traen aquí a este Pleno na medida do posible cando son aprobadas lévanse adiante, vostede non presentou moitas mocións neste Pleno desde que está aquí como Concelleira, pero desde logo que dúas delas foron tidas en conta, a primeira o tema dos ascensores que vostede propuxo que xa se estaba traballando dende o grupo de goberno supuxo un aforro, cando se puxo en práctica por parte de dona Victoria Morenza de 7.000 €, polo tanto non diga vostede que non se ten en conta as súas mocións, as mocións que son construtivas para este Concello por parte do equipo de goberno van ser tidas en conta sempre, eu voulle poñer outro exemplo máis que vostede mencionou xa, precisamente o dos colexios vostede tivo unha ocorrencia e presentou aquí este Pleno, ocorrencia, unha ocorrencia pero, a min ocórrense moitas cousas, agora estáseme ocorrendo falar con vostede.

**A sra. Fina Varelas toma a palabra:** Ocorrencias moitas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Propuxo, retíroo, e propuxo unha moción aquí neste Concello que foi tida en conta, e de feito a Concelleira de Educación foi a falar coa ANPA reuniuse coa ANPA e que de feito son os representantes da comunidade escolar, a ANPA e o Consello Escolar decidiron que foi por unanimidade, creo que foi por unanimidade, que non era conveniente valar e pechar o recinto do colexio, porque consideraban eu penso que con bo criterio tamén os colexios teñen que ser recintos que sexan permeables á cidadanía que haxa un intercambia, vostede plantexou esa moción perfectamente ben, pero a comunidade escolar e os afectados maioritariamente non a tiveron presente, entón non pode dicir que este goberno non ten presente as mocións, vostede está seguindo un criterio que está marcado por Ourense, e creo que Barbadás é Barbadás.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Non lle consinto que me estea faltando porque primeiro está dicindo ocorrencias, segundo que me marcan dende Ourense as cousas, estase equivocando.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estou no meu uso da palabra, e creo que non lle estou faltando para nada, non lle estou faltando en ningún momento porque estou transmitindo unha opinión política, estaríalle faltando se transmitira unha opinión con relación Á súa persoa, estou transmitindo unha





opinión política. Estamos en Barbadás, traballemos por Barbadás, e polo tanto penso

**A sra. Varelas toma a palabra:** Só lle vou facer unha pregunta á miña ocorrencia, porque vostede di que o dos colexios non era importante, non lle deu importancia, porque votou entón a favor, un paripé seu.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Fina estou falando eu, e estou sendo moi condescendente. Volvo a repetir, para debater, negociar, falar cos colectivos afectados, entón dúas mocións que seguramente que habería máis que foron tidas presentes, entón non xogue coas palabras, nin xogue coas súas dinámica política, as mocións súas cando son aprobadas son tidas presentes e aquí valóranse todas, e con relación

**A sra. Varelas toma a palabra:** Si, como por exemplo o tema dos desbroces, fora aprobada, como por exemplo, pero vamos a ver vostede non ten memoria

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estou no uso da palabra, volvo a dicir que estou no uso da palabra e eu teño dereito a falar, e señora Chelo vimos, non estou insultando, señora Chelo vostede dixo unha expresión que non me gustou non sei se lle fallo o subconsciente, ir en conta do goberno, eu creo que temos que ir a favor dos veciños e das veciñais, pero non ir nunca en conta dun goberno, queda este punto da orde do día queda rematado.

### **7- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS PARA MELLORAR A VISIBILIDADE DOS PASOS DE PEÓNS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día que é a Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás para mellorar a visibilidade dos pasos de peóns. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os peóns, usuarios da vía pública, forman parte dun colectivo que en Barbadás maioritariamente son nenos e mozos, e dende o punto de vista da Seguridade Viaria considéraselles ou grupo de risco moi vulnerable e con posibilidade moi alta de lesións graves ou irreparables. A posibilidade de advertir a presenza dun peón parte do condutor faise fundamental para evitar posibles atropelos. Para evitalos, os pasos de peóns deben contar coa visibilidade que permita ós condutores advertir da súa presenza. En horas nocturnas e con choiva, a visibilidade descende e a falla de iluminación dos pasos é deficiente, coma no caso do Concello de Barbadás nos que se incrementa notablemente o risco dun accidente. Temos detectado que non funciona ningunha sinalización de aviso dos pasos de peóns, vehículos



aparcados neles ou que elementos de servizos públicos limitan e impiden a visibilidade do peón e do condutor. Hai moitos con iluminación insuficiente, por estar as iluminarias alonxadas con algún obxecto que ensombrece o paso de cebra. Entre as 7:30 e as 8:30, os cativos e mozos fan uso do transporte escolar e público para desprazarse ós seus colexios, sendo estas unhas horas de alto risco para peóns e condutores, si engadimos as inclemencias do tempo e a oscuridade, o risco aumenta. Co fin de lograr un equilibrio entre o gasto que poida supoñer esta medida e a súa eficacia propoñemos que se faga un estudo previo que detecte os pasos do Concello, sobre todo os que se atopan en A Valenzá, que puideran ser os máis perigoso ou problemáticos, co fin de establecer un plan de actuación urxente.

Acordos: 1- Instar ó Grupo de Goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un informe onde se contemple:

- A visibilidade de todos os pasos de peóns, con relación ós vehículo próximos a eles para evitar a presenza de obstáculos que impidan ver con suficiente anticipación ós peóns cando accedan a un paso.
- Incidencias respecto ás deficiencias na sinalización horizontal e vertical nos pasos existentes
- Incidencias de falta de rebaixe nas beirarrúas onde existen pasos sinalizados.
- Incidencias de pasos de peóns onde a ubicación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación máis óptimo.

2- Unha vez realizado o estudo, darlle resposta inmediata ás deficiencias máis urxente e realizar un plan definido de prioridades para corrixir deficiencias ou melloras tales coma:

- visibilidade dos vehículos nas proximidades dos pasos de peóns.
- Arranxo da sinalización vertical dos pasos.
- Instalar sinalizacións verticais en todos os pasos do Concello
- Colocación de sinalización horizontal onde careza da mesma
- Reubicación de pasos de peóns en lugares pouco recomendables
- Realizar rebaixes nas beirarrúas onde existan pasos de peóns que carezan delas.
- Instalación de barandillas en zonas onde é habitual ver ós peóns cruzar a vía fóra dos pasos habilitados, coma poidan ser “Rotonda da Farola” ou esquinas do cruce da Avda. Celanova coa rúa do Viso.
- Realizar campañas de concienciación sobre Seguridade Viaria entre veciños e colectivos do noso municipio.



- Aumentar a presenza policial nos lugares da rúa principal de A Valenzá de todos coñecidos, onde os vehículos de toda clase estacionan ó pe dos pasos de peóns, por non dicir enriba deles, imposibilitando ó resto de condutores detectar con antelación a quen teñen a intención de cruzar.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Esta é a democracia como poden comprobar que temos aquí, e eu se estou en contra do goberno é de vostedes non dos cidadáns, perdoe, que eu cando vexo que vostedes fan algo correctamente o noso grupo apóiao e o ten visto, agora o que vostedes cando nós traemos a oposición algo, e non me refiro ó Partido Popular, senón a Democracia Ourensana, ó Grupo Mixto, ou nós mesmos, vostedes simplemente polo resquemor que teñen anteriormente ó grupo de goberno, dixeron sempre que non, e a cidadanía ten que sabelo, teñen que saber que non os axudaron nin nos impostos, ou sexa é que isto é increíble, vou seguir coa moción porque senón vanme cortar. Moción do grupo municipal do Partido Popular de Barbadás para mellorar a visibilidade dos pasos de peóns. Hoxe é casualidade porque isto pódeno ler mañá no periódico que vai saír, é casualidade que hoxe á mañá, ás 8 da mañá, eu funme ás seis e media para Vigo e non o vin, pero ás 8 da mañá segundo os meus compañeiros puxéronme as luces xa estaban acendidas, os tres farois. Todos podemos saber o que vou a explicar á cidadanía é que este grupo de goberno leva dende o mes de xuño traballando, teñen ós nenos, que son, sabedes hoxe que ás 8 da mañá collen os autobuses que se van ó colexio en época escolar dixemos por activa e pasiva que teñen problemas de visibilidade que a luz en A Valenzá non chegan que habían que acender as tres luces do farois, soamente tiñan acendidas unha, cando chove non se ve, os pasos de peóns o que é a sinalización vertical non funciona, nin caso. Chegamos á Comisión Informativa o xoves é cal a nosa sorpresa que a Concelleira neste momento Victoria Morenza dinos que xa tomaron medidas, díganme vostedes cales son as medidas, dende hoxe á mañá, como hoxe era o Pleno acendéronse os farois, esa é a solución, a solución hai que poñer en marcha o que é a sinalización vertical dos pasos de peóns e tomar medidas, vamos a ver, sabedes que ás 8 da mañá cando collen os autobuses os nenos, eu a esas horas voume á oficina como moitos veciños de aquí de Barbadás que van ós seus postos de traballo, non nos cargamos cantidade de nenos e a palabra é dura dicilo porque corren para coller os autobuses, eles non ven o perigo, vémolo as persoas que vamos conducindo e que ás veces temos que esquivar ou frear en seco, na zona do Froiz todos sabemos que hai descarga, na zona do Mercadona hai descarga, onde están os supermercados hai furgonetas, temos neste momento policía, garda civil, os efectivos policiais teñen que estar a esas



horas da mañá porque non temos visibilidade ningunha, trouxemos esta moción porque ni caso, e casualidades da vida que xa están arranxando o problema, como pode ver a cidadanía cando traemos as mocións é cando se poñen a funcionar, eu o que non entendo é nós traíamos mocións de actas dos anteriores 8 anos que nós levamos aquí algún dos nosos compañeiros onde lle diríamos o que pedían, do que pedían nada están facendo, nada temos que volver a traer agora a oposición para que sigan traballando en continuidade e no ben dos cidadáns iso é o que fai o Partido Popular e o que queremos é dicir ós veciños que si vamos a traballar que non nos vamos a cansar de traer as mocións, aquí nesta moción o que traemos dicímoslle o que teñen que facer, acordos e soamente, a ver si me da tempo.

Acordos: 1- Instar ó Grupo de Goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un informe onde se contemple:

- A visibilidade de todos os pasos de peóns, con relación ós vehículo próximos a eles para evitar a presenza de obstáculos que impidan ver con suficiente anticipación ós peóns cando accedan a un paso.
- Incidencias respecto ás deficiencias na sinalización horizontal e vertical nos pasos existentes
- Incidencias de falta de rebaixe nas beirarrúas onde existen pasos sinalizados.
- Incidencias de pasos de peóns onde a ubicación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación máis óptimo.

2- Unha vez realizado o estudo, darlle resposta inmediata ás deficiencias máis urxente e realizar un plan definido de prioridades para corrixir deficiencias ou melloras tales coma:

- visibilidade dos vehículos nas proximidades dos pasos de peóns.
- Arranxo da sinalización vertical dos pasos.
- Instalar sinalizacións verticais en todos os pasos do Concello
- Colocación de sinalización horizontal onde careza da mesma
- Reubicación de pasos de peóns en lugares pouco recomendables
- Realizar rebaixes nas beirarrúas onde existan pasos de peóns que carezan delas.
- Instalación de varandas en zonas onde é habitual ver ós peóns cruzar a vía fóra dos pasos habilitados, coma poidan ser “Rotonda da Farola” ou esquinas do cruce da Avda. Celanova coa rúa do Viso.
- Realizar campañas de concienciación sobre Seguridade Viaria entre veciños e colectivos do noso municipio, que son gratuítos



- Aumentar a presenza policial nos lugares da rúa principal de A Valenzá de todos coñecidos, onde os vehículos de toda clase estacionan ó pe dos pasos de peóns, ao mellor aí si que estaríamos de acordo en contratar un policía máis, ó mellor si, porque si é necesario, e o que é necesario o Partido Popular apoia, non teño nada máis que dicir.

O único que quero que entendan todos é que nós sigo reiterando que estamos para defender e o que traemos son mocións para continuar polo ben dos cidadáns, e seguirémolo facendo nada máis. grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Como non podía ser doutro xeito, todo o que sexa mellorar a seguridade dos veciños vámolos a apoiar e esperemos que o goberno solucione as carencias que haxa na maior brevidade de tempo posible.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Ramón. A voceira do grupo Democracia Ourensana ten a palabra.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Estamos de acordo con esta mocións, o que me teño dado conta, e me teñen comentado os veciños, non ocorrencias miñas, que cando mo expoña o señor Alcalde de que son ocorrencias miñas non sei que falta de respecto ten cara a miña persoa. En A Valenzá na vía principal os farois dan moi pouca luz, porque teñen os cristais super escuros, non están acendidas tódalas lámpadas, e aínda encima non sei a que persoa no seu día se lle ocorreu poñer árbores xusto pegados ós farois, polo tanto para ter máis claridade ou cortamos as árbores que estou en contra de estar cortando árbores ou a ver como arranxamos ou cambiámoslle os cristais ós farois ou como se arranxa. O goberno fai unha cousa que gracioso, cando se presenta unha moción vena claro nas Comisións Informativas e empezan a facela para dicir xa estamos niso, si señor Alcalde, as mocións que fai a oposición eu síntome que nos toma o pelo, que pasa que hai xente que opta por seguirllas facendo e eu fixen unha especie de protesta porque lémbrolle que no seu día presenteí a dos desbroces, que Galicia cos incendios, esta é unha masacre que nos pasa cos incendios e recórdolle que o grupo de goberno votou en contra, a ver como lle explica iso aos veciños, explícolle que cando foi o tema da gardería da persoa esa que quixeron cambiar de posto dende a oposición saíu aprobada que esa aprobada quedara aí, vostedes quitárona, entón que me quere dicir que estou louca que non me decato de nada, mire eu fago as mocións que me piden os veciños non mas inventou eu porque hai moitas que nin sequera sei delas. Eu nunca me espraio demasiado, son unha persoa moi clara, moi concisa e moi correcta e vostede hoxe faltoume ó respecto e tereillo en conta. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas. A señora Victoria Morenza.



**A sra. Morenza toma a palabra:** Moitas grazas. Como non podía ser menos aceptamos de bo grado este tipo de propostas da oposición fundamentalmente porque teñen un fin construtivo como non podía ser menos tampouco, concordamos practicamente en toda a exposición estamos de acordo en que a seguridade de peóns e de persoas con mobilidade reducida ten que ser prioritaria, esta foi a filosofía que aplicamos dende o minuto un no que asumimos as funcións de goberno e para incrementar a visibilidade de peóns nos pasos habilitados xa lles anticipamos que imos tomar medidas , falemos de futuro non de pasado, imos tomar medidas que contan coa aprobación dos e das técnicas na materia ao opción pola que estamos traballando no punto de partida na posta en marcha dos camiños escolares, no que están implicadas polo menos catro concellerías, educación, mobilidade, trafico, urbanismo e habilitar ó redor antes e despois, é dicir, na circundante ó paso de peóns un cebreado que impida estacionar antes e despois dos pasos de peóns, está claro que a seguridade das persoas están por enriba de todo que aparcar comodamente. Fálase na moción dos sinais luminosos que advirten da existencia de pasos de peóns avísanse que non funcionan, é un feito que o deterioro progresivo dos equipos é unha razón fundamental, instaláronse hai preto cinco anos e temos datos que hai xa máis dun ano que tiñan problemas de funcionamento a maioría delas, agora estamos traballando independentemente do que vostede viu hoxe, estamos traballando para poñerlle solución pero cuestións técnicas foron atrasando o problema e como está por definirse as intermitencias no funcionamentos son a causa das baterías e a causa dos cargadores imos facer unha serie de probas para determinar cal das dúas causas é a que provocou que non funcionaran debidamente xa lle digo que hai case preto de dous anos. O que pasou hoxe, o que vostede viu foi unha pura casualidade porque resulta que as batería se cargaron ó haber tanta luz de repente e cargáronse, non fixemos absolutamente nada pódollo asegurar, estamos pendente de que chegue a batería para facer probas, a primeira sorprendida fun eu, e a explicación técnica das dúas empresas técnicas que están traballando no tema é que foi por a luz solar, polo incremento de luz solar e que algunhas funcionan e outras non, funcionaron dúas ou tres, non funcionaron todas. Nós estamos traballando para solucionar o tema, para definir se é dos cargadores ou das baterías, e cando se defina evidentemente cambiaremos as baterías ou os cargadores en función do que sexa necesario, actuamos con máis rapidez xa ve do que parecía, e se falamos de iluminación de pasos de peóns das vías en xeral e debido a que debido que vostedes apuntaron hai uns días que en Piñor se tiña unha iluminación insuficiente queríamos aclarar que hai unhas semanas se instalaram novos equipos na travesía deste pobo, había instaladas luminarias de vapor de mercurio de 80 e 125 vatios que emitían 4.000 e 6.800 lúmenes respectivamente e hai que ter en conta que este, o



vapor de mercurio é un material obsoleto que só se utiliza para reposición, e que nun ano a capacidade lumínica descende a 3.000 lúmenes no caso de lámpadas de 80, e a 3.500 en 125 vatios en Piñor case todas as lámpadas tiñan máis dun ano co cal a intensidade lumínica xa estaba por debaixo dos 1.000 lúmenes agora instaláronse equipos de sodio de 70 vatios que son os que se están instalando en España e en toda Europa, estas luminarias dan unha intensidade de 3.600 lúmenes da luz coma unha lámpada de 125 de mercurio consumindo só a metade e hai que ter en conta que en catro anos non perde practicamente nada e resiste a uns niveis moi elevados, estes son uns datos indiscutibles que lle transmitimos en base os informes técnicos. Queríamos falar tamén das melloras que levamos feito que nós queremos falar de presente na confluencia da avenida de Celanova ca rúa Porto do Río habilitouse un paso de peóns para evitar que os peóns invadiran a calzada como viña ocorrendo e que houbera incidentes e moitos sustos e tamén nesa zona se creou recentemente un operativo de vixilancia a raíz dunha petición feita de pais e nais, dende o mesmo momento que entrou por rexistro habilitouse este dispositivo tendo en conta que unha solicitude, que era unha solicitude que se se volveu presentar porque xa fora plantexada hai anos o momento cero presentar a solicitude puxemos o Alcalde que é o xefe da Policía Local puxo en marcha un dispositivo ás 8 da mañá nesta confluencia porque tiñamos queixas das nais sobre o tema e tiñan medo evidentemente se existía inseguridade porque é unha zona escura e de pouca visibilidade. Aparcamentos de bicis outra medida de seguridade que se puxo en marcha con este goberno vaise modificar o paso de peóns do Alecrín que creo que vostedes o insinúan, non sei se o din claramente non sei se o localizan vaise modificar, xa se ten pensado modificar dende hai meses, pero son outras cuestións impediron que se levara a cabo, vanse instalar varandas de seguridade na glorieta da familia e na intersección da Avenida de Celanova coa rúa do Viso, e na segunda intervención seguirei explicando todo o que se está facendo porque xa ve que non me deu tempo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular ou voceiro

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señora Victoria Morenza, vamos a ver, teremos que traer as mocións para que vostede nos diga todo o que está facendo, vamos a ver se vostede relata agora, dixémoslle que en Piñor non había luz cambiaron a iluminaria do cal dámoslle os parabéns. Todo o facedes cando nós dicimos algo, ou a oposición non me refiro ó Partido popular en concreto, temos que traer as mocións para que arranxedes todo isto, os pasos, hoxe sería unha casualidade da vida, sería unha casualidade, eu sigo dicindo que non o vin cos meus propios ollos, pero os meus compañeiros si e transmitíronmo, entón, casualidades da vida, de acordo, agora todo o que facedes, vamos a ver,



realmente se todo o diñeiro que empregades en obras, o empregades en iluminaria, en arranxar todos os pasos de peóns, en arranxar todo o que vostedes dicides, porque levades esperando dende o mes de xuño que entrastes, isto xa tiña que estar feito, se me les unha relación, e me les os tecnicismos, e me les todo isto, que me encanta porque eu non entendo nada de lámpadas, pero me encanta que a xente vexa, os veciños igual que nós cando vamos a Piñor e que realmente hai luz para que a xente que camiña polas beirarrúas poida ver, non como antes que non se vía. Nós durante 8 anos traballamos sen cartos, agora mesmo vós que vos deixamos un millón de euros nun caixón de remanente esperamos que o utilicedes correctamente, esperamos que o utilicedes correctamente, e si deixamos diñeiro en todas as partidas, non lle digades, xa non serve iso porque agora hai 600.000 € máis que tedes de presuposto para facer todas as obras que non se está vendo, a Finca Fierro despois trae o señor Padrón unha moción, a Finca Fierro está sucia, está chea de herbas, dixéronvolo anteriormente, son tamén veciños de Barbadás, estamos vendo A Valenzá super sucia, eu non se o que facedes, eu vivo en A Valenzá tamén, vivo en As Lamas, e sinceramente non sei o que facedes, pena deberíavos dar do que pasou ó final do desfile que non ten nada que ver con isto, vai con outra Concellería, pena deberíavos de dar o que pasou despois do desfile do entroido, meter ós pobre barrendeiros coa que estaba caendo de auga e ca barredoira, que queredes que vexa a xente que limpades despois do desfile, home por favor o único que fixo a xente foi rise, e eu creo que isto non sei que queredes dicir á xente, queredesme ler unha relación de actuacións que estades facendo que non se ven, porque non se ven, se nos dicides o tecnicismo das lámpadas de Piñor, perfecto, se nos dicides o tecnicismo é tempo que estás lendo, vete o concreto, vete a ver o que fixeches, ou sexa na concellería que levas, para que os veciños se decaten porque sinceramente eu sigo e os demais compañeiros vivimos aquí e eu cada vez vexo isto peor, a ver se cos 6 peóns que dicides que ides contratar e que intentaremos impugnar porque creo que non son necesarios para iso temos brigadas da Deputación e o que dixemos no anterior Pleno, que con outros medios e sen gastar diñeiro pódense facer as mesmas cousas que fixemos durante 8 anos. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señor Ramón Padrón. Nada. Señora Fina, nada. Señora Victoria.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Sigo falando de presente estanse acometendo, a vostede preocúpalle moito os pasos de peóns, por iso se está acometendo unha actuación integral de mellora da seguridade viaria na zona do Lidl, a Concellería de obras acadou un acordo cos responsables dunha empresa multinacional para facer unha serie de melloras que eles asumiron na súa maior parte de





melloras na zona como balado da parte traseira do hipermercado onde había problemas de seguridade de acumulación de lixo, elimináronse barreiras nesta zona no acceso dende a estrada para acceder máis comodamente a marquesiña e o camiño utilizado polos veciños dos Ponxos e dos e das escolares que tanto lle preocupan que van e veñen cada día ó colexio Luís Vives, a brigada municipal retirou a bionda que xa non cumpría a función para que fora instalada e construíu unha beirarrúa nova, que se pode ver, pódese comprobar, para dar acceso con seguridade dende Lameiro do Mato ata a zona dos Ponxos, pintáronse tamén pasos de peóns en todo o entorno vanse crear pasos de peóns debaixo do viaduto e a altura das oficinas de correos e relacionados tamén coa posta en marcha do camiño escolar, elimináronse barreiras arquitectónicas nos pasos de peóns, estes son feitos xa sei que non lle interesan pero é o que hai porque vostedes presentan aquí unha moción para mellorar os pasos de peóns e eu estoulle dicindo todo o que fixemos durante estes tres meses cos pasos de peóns. Elimináronse barreiras arquitectónicas nos pasos de peóns en Vilaescusa coa rúa 17 de Maio e no entorno de Carrefour, todo é mellorable e iranse acometendo actuacións progresivamente co obxectivo de mellorar a seguridade viaria. Os farois evidentemente como vostedes ben lle dixen o principio fan oposición construtiva e dixeron que non se vía suficientemente e nós ó momento xa demos a orde, xa estaba a punto porque iso funciona con reloxo astronómico e xa estaba pendente do cambio, non descubriron América, e creáronse pasos de peóns no exterior do Ruxidoiro unha zona de máximo tránsito escolar que creo que hai 376 alumnas creo lembrar Marga, a miña compañeira Marga, como lle digo creáronse unha zona de pasos de peóns nos que se intensificou a seguridade viaria, que haxa un paso de paso de peóns nunha zona de moito tránsito infantil e no pobo de Barbadás no camiño Eoly Sabúz coa antiga estrada de Celanova, colocouse unha rede de protección debaixo do viaduto para os nenos pensando fundamentalmente nos nenos que veñen da zona dos Amieiros, e que van por aí ó Ruxidoiro a pé. Pintáronse pasos de peóns en As Lamas que quedaran sen pintar non se sabe dende cando no Mercadona e no Chicote, todas estas actuacións son feitos este é o presente no que nós vivimos xa non vivimos no pasado, pensei que se alegrarían diso pero vexo que non, vostedes son os que prefiren vivir no pasado.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, PP e Grupo Mixto e as abstencións de Democracia Ourensana: **“Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Barbadás para mellorar a visibilidade dos pasos de peóns: 1- Instar ó Grupo de Goberno a tomar as medidas necesarias para que os servizos técnicos municipais realicen un**



informe onde se contemple:

- A visibilidade de todos os pasos de peóns, con relación ós vehículo próximos a eles para evitar a presenza de obstáculos que impidan ver con suficiente anticipación ós peóns cando accedan a un paso.
- Incidencias respecto ás deficiencias na sinalización horizontal e vertical nos pasos existentes
- Incidencias de falta de rebaixe nas beirarrúas onde existen pasos sinalizados.
- Incidencias de pasos de peóns onde a ubicación non sexa a máis axeitada e lugar de reubicación máis óptimo.

2- Unha vez realizado o estudo, darlle resposta inmediata ás deficiencias máis urxente e realizar un plan definido de prioridades para corrixir deficiencias ou melloras tales coma:

- visibilidade dos vehículos nas proximidades dos pasos de peóns.
- Arranxo da sinalización vertical dos pasos.
- Instalar sinalizacións verticais en todos os pasos do Concello
- Colocación de sinalización horizontal onde careza da mesma
- Reubicación de pasos de peóns en lugares pouco recomendables
- Realizar rebaixes nas beirarrúas onde existan pasos de peóns que carezan delas.
- Instalación de varandas en zonas onde é habitual ver ós peóns cruzar a vía fóra dos pasos habilitados, coma poidan ser “Rotonda da Farola” ou esquinas do cruce da Avda. Celanova coa rúa do Viso.
- Realizar campañas de concienciación sobre Seguridade Viaria entre veciños e colectivos do noso municipio, que son gratuítos

Aumentar a presenza policial nos lugares da rúa principal de A Valenzá de todos coñecidos, onde os vehículos de toda clase estacionan ó pe dos pasos de peóns, ao mellor aí si que estaríamos de acordo en contratar un policía máis, ó mellor si, porque si é necesario, e o que é necesario o Partido Popular apoia, non teño nada máis que dicir. ”

### 8- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA O FOMENTO DO EMPREGO.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Como ben dixo a señora Chelo traemos mocións ós Plenos para ser debatidas e se pode ser melloradas sobre carencias que existen no Concello para que o grupo de



gobierno tome note e as execute na maior brevidade de tempo se é que non está traballando nelas xa, polo tanto vendo a carencia que había no tema de axudas a empresas e emprendedores traemos esta moción ó Pleno.

Dende Compromiso queremos apoiar todas aquelas iniciativas que incentiven o emprego no noso Concello e tamén aportar as nosas propias. Por iso traemos a debate unha moción para establecer axudas á contratación estable por parte dos autónomos e das empresas de até dez traballadores (o número é orientativo), sen prexuízo doutras medidas que poidan ser adoptadas neste senso. O que se trata é de que o Concello elabore un plan no que se recollan incentivos á contratación para a creación dun mercado de traballo máis igualitario e socialmente cohexionado. Todo á vez que nas Comisións Informativas se pediu un informe ó servizo de intervención sobre a ilegalidade de axudas traemos ó Pleno os seguintes acordos modificados e para o seu debate, onde poñía bonificacións ás taxas e vendo que non é legal o condicionar o estar empadroado no Concello, substituímos entón os acordos primeiros

1. Conceder subvención a autónomos e empresas co domicilio social no Concello de até dez traballadores que contraten persoal indefinido empadroado no Concello.
2. Estas subvencións variarán en función da duración do contrato e do colectivo da persoa desempregada contratada (en situación de risco ou exclusión social, parados de longa duración, persoas con cargas familiares, discapacitados... ).
3. Así mesmo, establecer axudas a emprendedores como pode ser subvencionando as cotas de autónomo durante os primeiros meses, tendo en conta as situacións da persoa desempregada expostas no apartado anterior.

Como dixen ó principio o Concello carece de ningún tipo de política neste sentido e non sabemos se o responsable do goberno xa ten tomada algunha iniciativa, nós traemos as nosas, e nada máis.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Aquí unha moción tonta así de claro e de sinxelo, vamos a ver señor Padrón, vostede fai unha moción moi bonita no papel queda moi ben, si é bonita, pero vostede cando foron os presupostos do ano 2016 vostede contemplou isto, vostede pediu isto, porque pedir podemos pedir a lúa pero no a temos, e onde vamos a sacar o diñeiro para axudar a esta xente, do seu peto, porque nos presupostos non está contemplado, o outro día o Tenente Alcalde dixo podémoslos sacar dun lado para outro, chapuzadas non hai dun lado para outro hai que facer cousas como hai que facelas, vostede cando foi o Pleno dos presupostos aprobouno sen debatelo, todo lle estaba ben, e agora pide mocións que non se dan feito, entón que é gastar folios poñernos a falar aquí media hora



para que, dígame, porque de onde vamos a sacar o diñeiro xa non entro en tecnicismos de se se pode facer ou non se pode facer, para facer unha cousa o primeiro e contar co diñeiro e non o temos, así de claro e sabe o outro día díxenlle e sabe o que dixo vostede eu preséntoa despois xa para ano xa se verá o que fai o goberno, si señor, vou ter que vir cunha gravadora, díxenlle señor Padrón pero vamos a ver aquí non hai diñeiro como vamos facer, eu preséntoa a ver que fai o goberno para o ano que ven xa se verá, ou sexa vamos a presentar por presentar iso é do que me queixo eu, quéixome cas mocións hai que facelas, hai que facelas sabendo que se poden realizar e non para quedar ben cara o pública porque esta moción é bonita si, se houbera diñeiro destinado, porque vostede nos presupostos non loitou por un diñeiro, porque non dixo nos presupostos mire señor Alcalde ou Tenente alcalde ou a quen lle compete, porque non vamos meter unha partida para isto, non, vostede non dixo nada, aprobou todo encantoulle, e agora vamos a ver, vaino pagar vostede do seu peto, ou vaino pagar do diñeiro que nos aforramos de IBI ou que vostede lle cargou á xente, porque mire vostede ten unha relación de cousas que lle pediu ó goberno para apoialos eu ata o de agora non vin ningunha que lle fixeran, fixeron algunha, onde vai a rebaixada dos recibos do IBI, onde vai o que vostede prometeulle á xente, a ver dígame onde vai iso, porque dicir eu para o mes que ven podó vir eu aquí tamén metervos dúas moción destas que se venden á sociedade moi bonitas e que, ídesme aprobar de que vale aprobalas se non temos diñeiro, eu ás veces penso señor Padrón que é demasiado listo ou demasiado tonto. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Debíamos medir as palabras, creo que chamarlle ocorrencia e sentirse ofendida paréceme que despois de chamarlle a alguén tonto, pero eu son o moderador polo tanto o Presidente deste Pleno se a vostede lle parece mal que lle diga que presente unha ocorrencia, que lle ten que parecer ó señor Ramón Padrón dicir que é tonto francamente

**A sra. Varelas toma a palabra:** Non señor Alcalde, dixen ou é demasiado listo ou demasiado tonto, pode ser demasiado listo demasiado listo señor Ramón Padrón, vostede estalle tonto, verdade

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Esa non é a finalidade, eu convidaría a retirar esas palabras

**A sra. Varelas toma a palabra:** Non, non retiro nada que debata el comigo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Boas tardes de novo. Vamos a ver aínda que moitas das cousas xa as dixo a miña compañeira de Democracia Ourensana temos que tocar este tema, e voulle dar unhas pinceladas por arriba. Non cabe a menor dúbida é que isto vaia por diante que reducir o paro e a mellor política social que se pode facer dende calquera institución ou dende calquera colectivo como



todos sabemos o desemprego pode desencadear outras situacións de emerxencia social, pero utilizar esta situación para quedar ben diante dos veciños e non implicarse realmente paréceme vergoñento, señor Ramón Padrón e digo isto porque non vale con vir aquí presentar unha moción sen saber de que vai o choio e ala vai, no mellor dos casos se aproba e logo non se fai nada, que é polo menos ata o de agora ó que non ten acostumado o grupo de goberno, senón repase todas as mocións aprobadas ata o de agora e dígame se isto é certo ou non onde estaba vostede señor Padrón cando pactou os orzamentos para este ano e non se preocupou de que existira nin se destinara ningunha partida para isto, porque está vostede no goberno, non si. Aquí o problema non está en que se poda contratar á xente de outro municipio como lle querían facer ver o grupo de goberno nas Comisións informativas, unha cousa é que non se poida esixir o empadramento e outra cousa é que non haxa vías legais para contratar a persoas do Concello, iso é totalmente distinto. Mire o problema está en que non pensa o que trae a Pleno, non sabe en que terreo se mete, é vostede ousado pero ó mesmo tempo inxenuo do contrario como ben dixen antes o que trata é de enganar á veciñanza, votar a andar unha cuestión deste tipo nun Concello como Barbadás supón primeiro mirar se as axudas que se pretenden e que vostede trae aquí son compatibles ou non con outras axudas a contratación de desempregados e bonificacións nas cotas das Seguridade Social que actualmente se están aplicando polo Estado e pola Xunta de Galicia, por non falar do contrato a emprendedores subvencionado a nivel estatal pois unha cousa é axudar ó emprendemento e outra cousa é fomentar a contratación de persoas desempregadas ou en risco de exclusión social, como se faría o seguimento das empresas para que cumprira esixencias tales coma se a persoa que se contrata tivo traballado non na mesma empresa nos últimos anos parentesco co titular da mesma que si mantivera o cadro de persoal nos últimos anos non vaia ser que despedimos a un traballador para contratar a outros só polo feito de coller unha subvención quen se vai encargarse da selección o Concello a propia empresa de ser a empresa quedaría moi en interdito e sen asegurar probablemente a protección de colectivos especiais como poden ser as vítimas de violencia de xénero para elo cumpriría realizar, aí xa lle estou dando unha pista un concerto cos servizos públicos de emprego autonómicos e de verdade non vexo a este goberno capaz de sacar adiante tan cometido nin nada que se lle asemelle, permítame que lle faga unhas preguntas e pódeme interromper agora para contestarmos que non me preocupa, canta axuda económica considera vostede que o debería saber, necesaria para estimular a unha empresa de Barbadás a que contrate a unha persoa, fixo algún estudo aproximado do número de empresas do noso municipio que puideran acceder a este tipo de achegas, sabe cal é a taxa de desemprego salvo que mo oíra a min aquí algunha vez do noso Concello e o



número de desempregados de colectivos de risco cando considera vostede que un parada é de longa duración se así o fixo preguntouse se o noso Concello pode soportar orzamentariamente este asunto, mire nós fixemos unha aproximación de como lle como resultaría estimulante a unha empresa para poder contratar a maiores das achegas estatais autonómicas porque isto paréce nos un tema moi serio e resultaría así, 500 € por contrata de traballador durante 6 meses se é o contrato a tempo completo, 1.200 € se o contrato é de 12 meses, 2.500 € se o contrato é indefinido a metade destas contías ou proporcionais se se fan contratos a tempo parcial ademais incrementadas nun 10% para os desempregados en risco de exclusión social pode asumilo Barbadás, créeo realmente, non vou perder o tempo dándolle datos e datos, cando o tempo tíñao que perder vostede antes de aprobar os orzamentos hai pouco máis de dous meses e non traer hoxe aquí esta moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Nós esta moción interpretámola con carácter positivo que se nos está plantexando unha posibilidade de poder facer un traballo ademais do que xa se está facendo no camiño de buscar o emprego no Concello de Barbadás, pero entendemos que os acordos que se recollen en esta parte dispositiva non son asumibles por parte de ningunha administración local, non só polo Concello de Barbadás, senón por ningún outro Concello. Cando se nos presenta esta moción solicitamos un informe a intervención sobre a posibilidade legal de subvencionar ou axudar o fomento do emprego bonificando cotizacións á seguridade social ou a creación de emprego e por parte dos servizos de intervención do Concello se me equivoco me poderán corrixir pero vou facer unha lectura do que é máis salientable, que é que o Concello non posúe competencias para levar a cabo esta actividade o artigo 14 da Constitución Española establece o principio de igualdade a prohibición de discriminación de raza, nacemento, opinión ou calquera outra circunstancia despois nos ven a dicir que fomentar o empadramento a través de bonificacións fiscais e cláusulas nos procedementos administrativos de concorrencia competitiva destinados a favorecer a determinadas persoas veciñas da localidade non se axustan a dereito, ademais documentación baseada en leis de ámbito estatal e autonómico plenamente vixentes este informe llo podemos facer chegar a vostede, entón entendendo que nós non temos competencias para poder axudar ó fomento do emprego, bonificando contratacións ou as cotizacións á seguridade social si que entendemos que dende o Concello de Barbadás podemos facer moito traballo para favorecer o fomento e o establecemento de empresas no noso Concello quero dicir que esta é a primeira vez que no Concello de Barbadás existe unha Concalleira de promoción económica e turismo e que é un dos eixes vertebradores deste Concello, dende esta Concellería de



promoción económica se están dando cursos de formación como xa se daban no pasado, están a aumentarse os cursos de formación para facilitar a accesibilidade ós postos de traballo a todas as persoas que residen neste Concello, agora mesmo está colgado na páxina web do noso Concello tres cursos de formación que van a facilitar o acceso ó mundo laboral dos parados que hai no noso Concello, temos solicitado dous obradoiros de emprego para 16 persoas máis que dean continuidade ós dous obradoiros que remataron precisamente no día de hoxe, que lles entregou os diplomas máis un obradoiro novo para albanelería e construción, temos previsto crear nichos de emprego no noso Concello para que os emprendedores para que a xente que estea se é posible facelo censada en Barbadás e senón para calquera outra persoa poida vir ó Concello de Barbadás a traballar de maneira inicial durante un período de tempo para establecemento das súas empresas, e estamos colaborando con outras administración, administracións como a Cámara de Comercio para realizar actividades formativas de carácter estatal e coa Universidade de Vigo para que nos fagan plans de desenvolvemento económico que nos marquen as directrices a seguir ó longo desta lexislatura, polo tanto o que non se lle pode pedir a un Concello como o de Barbadás é que asumamos competencias que non son propias, xa temos suficiente anemia financeira nos Concellos asumindo competencias en servizos sociais, en servizos educativos, en servizos de seguridade, en moitos ámbitos onde non hai, onde non son precisamente de competencia local pero están os concellos obrigados a asumir estas competencias, porque non se prestan ben dende a administración autonómica ou ben por exemplo dende as deputacións provinciais, o que non se nos pode pedir é que nos fagamos responsables tamén do fomento do emprego, porque iso corresponde á consellería de traballo e o ministerio de traballo, e en todo caso e xa o anunciei nas Comisións informativas si que vemos con carácter positivo esta moción no sentido de que podemos bonificar o axudar a través de subvencións a que as empresas se establezan no noso Concello, non a que se contrate persoas de Barbadás porque sería ilegal, pero si que podemos bonificar que empresas se instalen en Barbadás e entón poderemos desa maneira incidir aínda que sexa indirectamente na creación de emprego no noso Concello e iso é para o que estamos estudando actualmente, se ben é certo que nos orzamentos municipais do ano 2016 non hai unha partida específica para este capítulo para esta materia tamén é certo que estamos mirando a posibilidade de en canto poidamos utilizar o remanente de tesourería se cambia a lexislación estatal que de momento nos impide absolutamente usar iso para outros fins que non sexan para investimentos e que non supoñan maior custo para o Concello, adicaríamos unha partida para estas axudas ou subvencións para a creación de empresas no noso Concello e en todo caso estaríamos atentos a todo



tipo de modificación de crédito que poderíamos facer ó longo do ano para adicar unha partida para este cometido.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, nós xa somos conscientes que ó traer esta moción está claro que é para aportar sobre todo a carencia que existe no Concello en relación a políticas de fomentos de emprego e como acaba de facer as intervencións o señor Fírvida explicounos moitas cousas que se poden facer dende o Concello no tema da promoción do emprego. Hai Concellos que fan isto, si se pode subvencionar, non bonificar, o papel de intervención tamén o teño eu, si bonificar taxas e impostos é ilegal está claro, pero subvencionar, dar subvencións á empresas que contraten a traballadores empadroados no Concello, si se pode facer, subvencións, serían subvencións non sei de que clase, pero subvencións non bonificacións, pero o que está claro que nós o que queremos é que o Concello o Goberno, se mova e tome nota de isto e actúe en consecuencia, vostede xa dixo bonificar, axudar a través de subvencións á empresas que están en Barbadás, e logo si se pode utilizar o remanente que se pense tamén nisto, os nichos de emprego que tamén son subvencionados, os acordos coa Universidade de Vigo tamén é outro tipo de subvencións, que lle pagamos á Universidade de Vigo para que faga proxectos de fomento de emprego, como falou vostede, entón ó final estamos gastando diñeiro para axudar no fomento do emprego. E logo señor Manuel mire eu traballo como mínimo igual que vostede, como mínimo xa llo digo agora, a min non me veña con comparativas porque é unha tontería, porque se nos poñemos aquí a comparar, entende, vostedes tamén trouxeron aquí unha moción da saída da autovía, o sexa queríanlle meter unhas estradas os da Finca Fierro, os das Lamas, sen falar nin sequera con eles, cando hai unha saída da autovía a 200 metros, entón si vamos aquí a falar de cales son as mocións que vales e as que non valen, pois mire vostede nós as mocións todas que trouxemos ata agora pois son para que o Goberno tome nota e as trate de facer, está claro que irémolos controlando si as van facendo ou non as van facendo, pero si ve as nosas mocións e as repasa todas son mocións que son competencia da exclusiva do Concello excepto a que ven despois da Finca Fierro, unha parte que é para instar a Xunta para que axilice o tema dos acordos co Concello de Ourense e Barbadás polo tema dos lindes, pero o resto son mocións que o Concello de Barbadás pode executar e dígolles señora Fina que di que vostede fala e acabouse, mire nós no pacto de investidura si se cumpriron acordos, primeiro non delegar na Comisión de Goberno competencias do Pleno, ou reducir os gastos municipais en soldos e dietas en todo un 15%, aquí ganaban máis dos concelleiros ca catro, elaborar o regulamento de participación veciñal, isto está na páxina do grupo, e mire dígolle





máis, a casa cuartel das Lamas que ía aí non sei se os viu nos papeis que se vai a executar, o tema do camiño da Lucinda en Finca Fierro, ou sexa non me diga que non se van cumprindo cousas, que si se van cumprindo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas

**O sr. Padrón toma a palabra:** Perdón e vostede, non pero agora remato, tamén eles botan a veces mais tempo e eu boto un minuto solo, así que agora remato, vostede tamén se abstivo nos presupostos aínda que eu houbera votado en contra houberan saído aprobados, vostede aquí solo falou dos animais, non falou doutra cousa.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Mire señor Padrón falei dos animais, non, non eu síntome aludida voulle contestar, falei dos animais porque debo ser a única Concelleira que lle importan, falei dos 17 mil euros que temos para os comercios, para axuda ós comerciantes falei de moitas mais cousas, e abstívenme porque dixen que no seu momento había moitos puntos que si me gustaban, entón non vou a votar en contra cando hai moitos puntos que me gustan, pero eu polo menos debatín os puntos nos que non estaba de acordo, vostede non debateu nada, entende o que é nada, e iso de que eu propoño as mocións e despois xa vounos controlar, que é isto de vounos controlar, vostede que ven aquí cun látigo a controlar ó goberno, vostede non se da conta de que fan o que queren, que controla vostede, haber que é o que controla, pide unha baixada de impostos, onde está a baixada de impostos que lle prometeu aos veciños?, onde está? nin un dez, nin un, nin un dous, aquí non hai baixada ningunha, mire a min coñécenme pouco porque eu non ataco as persoas por sistema, ataco as persoas cando me defraudan, cando din unha cousa e fan outra, e voulle a aclarar unha cousa señor Alcalde, non se ría porque ten un sorriso máis cínica ás veces, en min non manda Ourense porque cada concello é un mundo e este é Barbadás, grazas a Deus teño un líder que non se mete nas cousas que eu faga ou deixe de facer, entende? porque sería absurdo que se metera aquí cando el non leva isto, a el chégalle ben o que ten alí entón non poña palabras ou dea cousas por supostas porque a xente escoite as súas palabriñas, porque eu tamén podo pensar outras cousas. E con respecto a vostede enfádome, claro que me enfado señor Padrón porque a súa medida é boa pero primeiro non se da feito por falta de diñeiro, e se vostede quere facer esas medidas o que ten que facer é cando se fan os presupostos dicir pois eu quero para os meus veciños isto, isto e isto, pois vou a debater os presupostos, e vou a poñer por 10.000, 15.000, 20.000 para axudar a isto vostede no propuxo nada, entende o que lle digo, entón agora ven aquí, mire eu lánzolles isto ó goberno vostedes enténdanse despois eu xa veño co látigo a ver o que pasa o ano que ven, vostede é o que di, é o que di, palabras súas. Grazas.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Señor Padrón unha pregunta máis, as outras non mas respondeu a ver se esta polo menos si. Os concellos que vostede mencionaba que están aplicando este tipo de medida sabe o número de habitantes que teñen, porque quérolle recordar que vostede é Concelleiro de Barbadás de momento. Vostede segue obsesionado coas subidas e coas costas reivindicando desfiles de entroido que se a subida que se tal, a por certo, que lle deron o primeiro premio?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o señor Concelleiro de promoción económica e Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Moi brevemente só dicir que o grupo de goberno se vai a abster nesta moción porque tal e como está recollida a parte dispositiva non podemos aprobala, posto que non podemos dar subvencións a contratación de persoal indefinido porque iso suporía un exercicio de vixilancia e seguimento da contratación laboral nas empresas do noso Concello que sería imposible de realizar por parte do propio Concello ademais de ser ilegal, como tamén o de subvencionar as cotas de autónomo, eu creo que a función do Concello ten que ser a de crear o clima idóneo para que as empresas que o desexen se poidan instalar no noso Concello e axudar a formación das persoas desempregadas no noso Concello para facilitarlle a accesibilidade a un posto de traballo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Vamos facer unha cousa para acabar con isto, e que o señor Alcalde non teña tanto protagonismo eu vou a votar en contra e a miña compañeira abstención.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do Grupo Mixto os votos en contra de Ánxela González Cid (BNG) e Serafina Varelas (Democracia Ourensana) e as abstencións de PSdeG-PSOE, Xosé Manoel Fírvida (BNG), Serafín Núñez (BNG) e Julia Jácome (Democracia Ourensana) o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para o fomento do emprego”**

### 9- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A PROBLEMÁTICA DE FINCA FIERRO

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moción do Grupo Mixto sobre a problemática de Finca Fierro, por favor vai tomar a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Compromiso por Barbadás atendendo ás inquietudes e demandas que



nos fixeron chegar a veciñanza de Finca Fierro e considerando que son xustas e beneficiosas para eles e para o Concello en xeral queremos presentalas a debate e no seu caso aprobar os acordos pertinentes. A primeira demanda refírese ao problema que existe cos lindes entre Ourense e Barbadás que fixo que unha parte da veciñanza de Finca Fierro pague uns impostos en Ourense e outros en Barbadás co prexuízo que iso representa para o noso concello no tocante á perda de ingresos que repercute nas arcas municipais. As informacións que temos ó respecto son que Ourense e Barbadás firmaron os acordos e estes foron remitidos á Xunta de Galicia xa dende o 9 de Febreiro do 2015. A día de hoxe é a Xunta a que debe (aquí modificamos o que se falou o outro día na Comisión Informativa) a día de hoxe é a Xunta a que debe rematar os trámites para que isto sexa efectivo definitivamente, todo á vez que xa o Concello de Barbadás polas informacións que temos xa satisfizo o pago de 30.000 € en concepto de indemnización ó Concello de Ourense, pola perda de ingresos do IBI, e a segunda demanda ten que ver coa falla de remate das beirarrúas nunha urbanización consolidada onde conviven edificios de dúas e tres alturas con vivendas unifamiliares pero que se encontran pegadas unhas ás outras polo que os tramos sen rematar son pequenos, os cales, corresponden ós solares que aínda permanecen sen edificar. O remate é imprescindible pois camiña moita xente por elas e tendo en conta as fortes pendentes da urbanización o seu estado ha de ser óptimo. Se ben as beirarrúas son necesarias en moitas partes do Concello, aquí teñen se cabe máis importancia, debido á similitude da urbanización con calquera rúa de A Valenzá. Polo tanto os acordos que traemos aquí todo á vez que dende o Concello de Barbadás se tramitaron todos os expedientes e se remitiron á Xunta incluído o pago da penalización ó Concello de Ourense, instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas para a resolución definitiva da problemática dos lindes para que estes veciños sexan plenamente de Barbadás, e en segundo lugar rematar os tramos de beirarrúas que a día de hoxe están sen cementar e sen lousar aínda que presentan xa o bordo regulamentario.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Con esta moción estou de acordo que a Finca Fierro a verdade é que está bastante abandonada e hai que facer as cousas para que os veciños se sintan ben e arranxar as cousas que están mal. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Temos unha dúbida está cambiada a moción, pero nós non temos coñecemento dese cambio, non perdoa pero nós. Vamos a ver, o outro día dixémolo na Comisión pero non se quedou en nada pero entón o que non podemos chegar é a última hora no Pleno e cambiar isto,



pero vamos a ver, isto. Estamos de acordo na Comisión Informativa o outro día nós tivemos unha reunión coa asociación de veciños de alí de Finca Fierro e polo tema cando foi o tema de manualidades e estamos en contacto coas demais asociacións estamos de acordo en todo o que realmente o acordo que hai que tomar en canto á moción o grupo anterior do Partido Popular fixo os deberes como se dixo aquí, fixo todos os trámites por quendas e agora está na Xunta, instar estar uns trámites que realmente que nós nos preocupamos, creo que o señor Alcalde, ou o señor Tenente Alcalde púxose en contacto coa Delegada neste momento así nolo comunicaron e que en canto teñamos noticias pois que nos dirán os trámites como están, entón que estamos de acordo coa moción, o único que queremos é que se nos indique cando se cambia. O que si dixemos anteriormente estamos de acordo nesta moción porque a Finca Fierro dende que entrou este grupo de goberno está, e a parte dito pola presidenta que o outro día estiven con ela, está moi sucia, recoñecíades vamos a ver, non porque neste momento xa sabemos que non se pode actuar na parte que é agora mesmo de Ourense pero si se pode ir actuando nas zonas onde pertence a Barbadás e a zona que o señor Padrón dixo o outro día na Comisión pertence ó que é Barbadás e si se pode ir facendo xa ou polo menos limpando todo o que está as herbas moi altas. A xente, ou sexa os veciños da Finca Fierro quéixanse de como está de sucia e estamos de acordo porque falamos con eles e sinceramente ou sexa, cremos que tanto que di a señora Victoria Morenza Concelleira de obras, hai que tomar tamén medidas en canto a limpeza alí que son veciños, e non por estar agora mesmo aínda en terra de ninguén esa zona, nesa zona vamos a deixalos de lado o Partido Popular nunca os deixou de lado e lles fixemos sempre o que puidemos e dentro da lei, entón non digan que como agora aínda é terra de ninguén, non, vamos a ver polo menos que vivan dignamente, iso é o que realmente pedimos ou sexa que lles limpen, é así señor Fírvida, dignamente pois está moi sucio, porque vaia por alí, eu subo todos os días para ir á miña casa As Lamas subo por alí e aquilo sinceramente dino os propios veciños non é que mo invente e o señor Padrón está aí e outra Concelleira dese grupo foi quen falou coa presidenta e efectivamente queixase do mesmo, entón entendo que esta moción estamos de acordo nela.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Moi brevemente porque creo que co se modificou desta moción estamos de acordo porque o que está pendente é a aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia dos trámites de segregación-agregación das lindes entre Ourense e Barbadás este é un proceso que ven de moitos anos atrás como dicía Chelo tanto no Concello de Ourense como no Concello de Barbadás xa se fixeron as tramitacións administrativas e legais pertinentes para proceder a este cambio



de terreos que non sei se o público asistente sabe que vamos a permutar con Ourense uns terreos de forma que todo o que é o núcleo urbano da Finca Fierro vai pasar a ser de Barbadás e Barbadás cede a Ourense unha franxa de terreo aproximadamente de 200 metros de longo polo que está ó lado do río Miño para que os autobuses urbanos de Ourense poidan achegarse ata a zona de Outaríz e dar a volta e facer aí un aparcamento porque lles interesa moito esta zona, mantemos un espazo de aproximadamente de 100 metros lindeiros co río Miño de propiedade do Concello de Barbadás para non perder posibles axudas europeas e que estarían condicionadas por accesos directos a un río principal como neste caso é o río Miño, pero con eses 100 metros de acceso ó río Miño quedaríamos cubertos desta continxencia, e por outro lado sobre As Lamas, ó mellor a Concelleira quere dar máis explicacións, perón sobre a Finca Fierro, quere dar máis explicacións pero a limpeza séguese facendo como se facía nos anteriores gobernos do Partido Popular non foi precisamente o Bloque Nacionalista Galego quen trouxo a este Pleno mocións pola situación da Finca Fierro de solares que estaban sen urbanizar onde a maleza comía ás outras casas e había denuncias veciñais para se limparan eses predios polo tanto non creo que a situación empeorase moito, en canto ó lousado da parte que está sen cementar que está dentro do Concello de Barbadás asumimos ese compromiso de arranxar esas beirarrúas e o que queda na parte de Ourense mentres non sexa propiedade de Barbadás como xa foi dito non temos capacidade de actuación.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Simplemente dicir que o máis urxente agora mesmo, o máis urxente para facer alí e sobre todo o tramo de beirarrúa que vai entre o parque, alí onde está a zona do parque hai un tramo de beirarrúa que están as herbas moi altas, antes da primeira vivenda que hai que é do que foi árbitro de fútbol Gómez Barril, alí que si que aquilo é urxente porque está o parque e a xente que baixa toda pola beirarrúa só é aquel tramo pequeno que está sen, polo menos botarlle un cemento, e logo se queixan moito por unha tubaxe da auga que está sen colocar que bota a auga toda para fóra, esas serían as dúas medidas urxentes a tomar alí na Finca Fierro.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Fina por favor, señor voceiro do Partido Popular.

**A sra. Chelo toma a palabra:** En canto explicou ó señor Fírvida está ben a explicación perfectamente, foron os deberes que deixou feitos o partido Popular e que realmente o que si non podíamos acceder é ás propiedades privadas para limpalos, o que vostedes traían era para que nós falásemos cos propietarios e limpasen esas fincas pero nin vostedes nin nós podíamos entrar nesas fincas privadas a limpar, non diga que estaban sen limpar cando non se podían acceder a elas, o que si



poden limpar e cortar a herba que está agora en común o que está o lado da zona deportiva, iso é evidente non diga cousas que non se podían facer. Señor Padrón soamente lle vou dicir unha cousa estamos de acordo coa moción pero vostede teña claro e vou aproveitar estes minutos para dicirlle unha cousa, teña claro onde está situado ou na oposición ou no grupo de goberno, sabe o que é estar na oposición, sabe cal é a función da oposición quere que lla recorde, voulla a recordar, é supervisar todo o que fai o grupo de goberno e vostede o que estivemos revisando o señor Manuel o meu compañeiro e eu, é o pacto que ten e se quere non vou a aburrir os veciños, simplemente que entren na páxina súa e o vexan, dígolle que é supervisar e xestionar en pro de ben dos veciños, e o que vostede está facendo é apoiar ó goberno pero non cando realmente ten que apoialo, entón saiba a xestión que fai, saiba situarse ou na oposición ou ó lado do goberno. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra a voceira Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Dicia aclarar simplemente que nos últimos meses xa se desbrozou na Finca Fierro en tres ocasións. Vostede fala moito de para que queren eses seis traballadores, pois precisamente para isto, porque hai moito traballo, e aínda así habendo moito traballo desbrozamos tres veces en non sei cantos, non sei cantos meses levamos nove meses, tres veces en nove meses, o triplo que o Partido Popular que o facía unha vez ó ano.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor por favor, que vota Democracia Ourensana, eu teño a obriga de preguntar.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Partido Popular e Grupo Mixto e as abstencións do Democracia Ourensana o seguinte acordo: “

**Moción do Grupo Mixto sobre a problemática da Finca Fierro: 1- Instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas para a resolución definitiva da problemática dos lindes para que estes veciños sexan plenamente de Barbadás. 2- Rematar os tramos de beirarrúas que a día de hoxe están sen cementar e sen lousar aínda que presentan xa o bordo regulamentario.”**

### PARTE DE CONTROL

#### 10- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda



informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

### 11- ROGOS E PREGUNTAS

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Rogos e preguntas. Empezamos de menor a maior que é a orde do Pleno, se quere facer preguntas señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dúas cuestións rapidamente, como non o puideren facer no anterior Pleno porque xa non tiña quenda de palabra, dicirle á Concelleira de educación e por extensión á señora Fina que a cociña do CEIP de O Ruxidoiro existe, foi feita co instituto, foi construída co instituto, e senón busque os planos, simplemente fáltalle, a cociña está feita, o colexio ten cociña, faltan uns electrodomésticos que o valor de mercado de compralos pois son 30.000 €, iso é contratar a unha empresa que os traia e logo a Xunta poñer un cociñeiro e un axudante, pero dicir que a cociña ten un 10% non, porque a cociña non só son electrodomésticos, son paredes, instalacións eléctricas e todo, etc, o colexio ten cociña, non é un edificio feito sen cociña que lle haxa agora que facer un engadido, non ten unha cociña que lle faltan uns electrodomésticos o valor de compralos son 30.000 € máis poñer un cociñeiro e un axudante como ten o outro colexio de A Valenzá nada máis, e cuestión política pero non se pode dicir que non ten cociña. E logo non sabemos por que a Casa da Cultura estivo pechada o venres e o mércores creo que foi, estivo pechada ou sexa, non había absolutamente ninguén cando polo menos habería que mirar de deixar unha persoa alí ou algo, polo menos para que colla o teléfono, aínda que houbera moito traballo polo tema do entroido pero debeuse prever que o mellor quedara alí alguén, nada máis, xa nolo explicará a Concelleira.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A primeira cuestión respóndolle que independentemente de que haxa o espazo para que exista unha cociña o que é certo é que hai que habilitala con electrodomésticos, é unha cuestión da Xunta de Galicia dito iso a moción foi aprobada e foi trasladada á Xunta de Galicia, entón está tida en conta, está sendo tida en conta e correspóndelle á Xunta de Galicia agora tomar a súa decisión, de feito a señora Concelleira no seu momento falou, entrevistouse ca responsable de educación, e trasladoulle tamén esta inquietude por parte dos veciños e veciñas de Barbadás, concretamente cos pais e nais do colexio, señora Concelleira con relación á Casa de Cultura.

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Foi o venres non, que dis que estivo pechada, o venres pola tarde porque tiveron, había unha actuación na Praza Vella de A Valenzá e tiveron que desprazarse para alí para preparar, facer todos os preparativos para que esas actuacións se puideran levar a cabo, e



o mércores estivo pechado porque o martes de entroido foron, estiveron na organización do desfile e o día seguinte non traballaban.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. O grupo de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Quería falar concretamente con vostede que é o Alcalde quen leva esta competencia co referente a un incidente que houbo o cinco de febreiro venres de entroido, cun veciño un tema da Policía Local, eu non sei supoño que estades enterados do que pasou e senón explicovolo, un veciño do Concello, que vive en A Valenzá aparcou na carga e descarga da Casa da Cultura o día venres que estaba o tráfico pechado por temas do entroido este veciño reconece que aparcou mal e mesmamente o mesmo día que lle meteron a multa foina pagar, o que si me encontro é que este veciño enfadouse moito porque cando aparcou o coche había outro coche, outro furgón aparcado e el entendía porque uns si e outros non, o coche este era de Barcala, alugouno o Concello de Barbadás, pero claro a historia é que o veciño non sabe, nin o veciño, nin eu, nin ninguén sabía que ese coche estaba alugado, polo tanto, non puña coche alugado polo Concello de Barbadás, porque Barcala é unha empresa e non ten porque traballar só para o Concello porque tamén ten traballado ata para min que non pinto nada, que quero dicir con isto que cando o Concello de Barbadás en carga e descarga teña un coche alugado que faga o favor de poñer uns carteis ou de a Policía Local, para evitar confusións e malos entendidos porque se este veciño que aparcou o seu coche e mira e este coche está alugado ou X, que pertence ó Concello de Barbadás sei seguro que este mal entendido non se daría, seino seguro porque mire, a señora Ánxela aparca aí, eu non coñezo o coche dela nin teño porque coñecela, e a dona Marga aparca o seu coche alí eu non sei que coche ten, e iso pásalle a todos os veciños, temos que dar os concelleiros exemplo mire, se é unha carga e descarga que eu saiba señora Ánxela e señora Marga vostedes non son un vulto para descargar, vostedes teñen patiañas como os demais para aparcar nun sitio, e sobre todo dígolle isto para dar exemplo, para que non haxa malos entendidos, porque é ben certo que a Policía Local aquí neste Concello non está moi ben vista pero se facemos as cousas mal nós aínda os poñemos peor a eles, é certo, entón evitemos confusións e nada privilexios porque eu aínda que poda aparcar seille seguro que non o vou facer, non me importa andar 100 ou 200 metros sobre todo para non haber malos entendidos e despois xa o máis grave do asunto é que este veciño ó parecer porque claro é a palabra dun contra doutro, houbo un Policía Local que lle faltou ó respecto, concretamente mandouno a tomar polo cu, entón isto é moi difícil sabelo, porque un vai dicir unha cousa, outro vai dicir outra, pero temos que empezar a poñer normas, temos que empezar a poñer normas para que os veciños crean en nós e crean na policía porque é unha vergonza





que isto suceda e a min preocúpame porque no meu muro, ou no muro noso de Democracia Ourensana poden acceder calquera, vostedes fixense cantos comentarios e canta xente descontenta, entón se hai tanta xente descontenta algo está pasando, señor Alcalde vostede cando estaba na oposición atacaba, verdade, vostede dende que está no sillón fai a vista gorda bastante, vostede en vez de informar que pasou informouse de como era o veciño, pero que importa como sexa o veciño como importa se é un veciño serio ou non é serio a min todas as persoas son serias, todas as persoas son cribles, si non poña caras que vou ter que andar con gravadoras.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Fina mire, se me informei ou non me informei, mire vostede creo que debía de pensar un pouco máis

**A sra. Varelas toma a palabra:** Aínda non rematei

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaia rematando que é unha pregunta

**A sra. Varelas toma a palabra:** A que me refiro que temos que evitar malos entendidos porque isto houbérase solucionado cun cartel nun furgón onde poña que estaba, que é do Concello de Barbadás, este mozo houbera pagado a súa multa non houbera discusións coa Policía Local, houbera ou non as houbera, houberamos evitado todos estes líos é tan difícil entendelo. Grazas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Fina, primeira cuestión toda a información que vostede ten, de que era un coche Barcala, de que estaba aparcado nun espazo destinado á Casa de Cultura, a carga e descarga faciliteilla eu, non lle veu por ciencia infusa nin lle caeu chovida do ceo deulla ó señor Alcalde a vostede, entón vostede non diga que non me informei nin me deixei de informar, a primeira cuestión que ten que vostede saber é que a Policía Local como axentes de autoridade teñen a presunción de veracidade e están investidos de autoridade polo tanto se teñen a presunción de veracidade hai que respectar ós efectivos da Policía Local, segunda ou terceira cuestión xa, mire vuller ler o informe da Policía local para que vostede non diga que non me informei e que non fago o meu traballo, eu fago o meu traballo habitualmente unhas veces mellor outras veces pero pero fágoo non me absteño de facelo, fágoo, outros absteñense. O venres día 5 de febreiro sobre as 15:05 horas da tarde recibese unha chamada telefónica nesta xefatura por parte dun veciño moi indignado comentado que esa mesma mañá o sancionaron cunha multa de estacionamento no seu furgón diante da Casa da Cultura sita na rúa San Bernabé, esta persoa argumenta que só foron 15, 20 minutos para comer na súa casa, ben a cuestión houbérase solventado se non houbera aparcado mal. Nese momento o axente que colle o teléfono o axente 23006 contéstalle que eses temas temos que falalos cos compañeiros que estiveron á mañá que foron os que o sancionaron que tanto el como o compañeiro 23002 comezaron a



súa quenda fai 15 minutos e polo tanto non teñen nin idea do que lle está a explicar, o veciño insiste de maneira moi enérxica que isto non pode ser que había outro furgón alí estacionado e que non foi sancionado, neste Concello só se sancionan a uns e non a outros, o axente 23006 vendo a actitude aquí nos fai constar que é un vehículo que estaba prestando servizos para o Concello pero así é e vostede sábeo polo entroido que estaban descargando un material e que era un vehículo de feito de Barcala como eu a vostede lle informei, estaba alugado precisamente porque un vehículo do Concello estaba avariado, estaba a reparar, creo recordar unha Peugeot, un problema da batería, entón alugouse ese vehículo. Vostede estendeuse agora déixeme explicar a min explicando o que realmente ocorreu, se quere información se a reclama agora ten que estar aí e escoitarme. O axente 23006 vendo a actitude que ten esta persoa coméntalle que se el ten constancia de que ese furgón estaba estacionado antes de que el chegara e que o veciño contesta que si. Como este home persiste na súa reclamación da sanción, reclamación da sanción, é dicir, que di que se lle retirara se ten iso, acábollo de enviar a vostede, ou sexa que cando as cousas se fan é unha vergonza e cando non se fan non, acábollo de enviar para que teña información, non hoxe non, esta é unha idea da policía local, se se fai non lle gusta, señora Fina o Alcalde evidentemente non pode saber se hai tarxetas de estacionamento para Casa da Cultura ou non, mire é irracional, déixeme que prosiga por favor, acábase de facer, acábase de facer, que problema hai porque se acaben de facer, explíqueme cal é a razón pola que non se poden facer agora cando xorde o problema, explíqueme cal é a razón pero déixeme primeiro rematar. Como este home persiste na súa reclamación da sanción o axente pretende cortar a conversa o que se dirixe a el dicíndolle que con ese razoamento de que se multa só os que non son coñecidos non ten nada máis que discutir con el, e que se é así a súa opinión pois que realice unha queixa ou que faga un escrito, repetiullo de novo en varias ocasións que non sabe de que están a falar que non ten nin idea que home solicita o número de placa de axente contestándolle este que non ten ningún problema sempre e cando el tamén se identifique co seu nome, apelido e DNI, o veciño pregunta se é porque o van a denunciar por algo polo que o axente lle volve a, se é que o axente lle vai a volver a contestar que se identifique primeiro e logo lle dará o número de placa nese momento e esperando que se identificara o axente 23002 sacou un caderno persoal para tomar nota dos datos desta persoa e deixar constancia do acontecido cousa que nunca se chegou a producir o home seguía a repetir que isto era indignante que quería o número de placa do axente o cal lle volve a repetir de maneira tranquila que cando se identifique ou incluso se vaia que sería mellor que viñera polas dependencias policiais e alí puideran intercambiar os datos e o número de carné profesional, xa que por medio telefónico non se pode ter



constancia de que si os datos son correctos ou non, contesta que virá pola oficina e colga o teléfono durante toda a tarde os axentes que subscriben estiveron esperando pola chamada ou a visita do veciño polas dependencias policiais pero isto non se produciu os axentes queren deixar constancia que en todo momento se lle tratou de vostede e que todo con todo o respecto e educación que un cargo público require o que todo o que se diga o contrario é faltar á verdade. Só inciso a Policía local como outros ten presunción de veracidade.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Mire vamos a ver, vostede non me escoitou, non me entende ou non me quere entender, espere un momento.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** É un rogo non hai máis

**A sra. Varelas toma a palabra:** Voulle contestar a unha cousa, vostede na, que pasa que agora non podo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é que é así, é un rogo unha pregunta, non hai máis, non é un debate por unha moción.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu digo que a Policía Local non teña, ou deixe de ter a razón simplemente temos que facer as cousas para que os veciños non haxa problemas, estes carteis tiñan que estar postos nese furgón e non habería pasado isto que pasou é que é tan entendible coma iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por iso mesmo se acaban de facer.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Si, pero isto podíamos haber mandado onte ou hai dous días e non en Pleno debate porque isto paréceme un chiste, ó seguinte tema.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Paréceme moi ben, señora Fina pode ir vostede mañá a Policía local e preguntar dende cando están feitos.

**A sra. Pérez toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Porque me nomeaches a min de que aparcaba nese sitio, efectivamente aparquei dúas veces unha na época do nadal e foi para cargar, para cargar unha caixa de xoguetes que estaba na Casa de cultura e é o que tiña que levar ata a casa da xuventude, entón si que tamén é verdade podo coller a caixa trasladarme 200 metros pero como é carga e descarga e levoume non máis de 10 minutos o tempo que levou e subir e coller a caixa de xoguetes e metelos no coche e marchas utilicei ese sitio e volví a aparcas antes do entroido para levar tamén material que se solicitou dende educación ata o colexio do Ruxidoiro e efectivamente era outra caixa un material tamén podía haber utilizado as patinas e trasladarme 200 metros pero utilicei esa zona porque é de carga e descarga.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ben prosiga señora Fina



**A sra. Varelas toma a palabra:** Supoño que non se pode debater máis, pois xa me quedou claro non vamos a tocar máis ese tema, agora hai os carteis e non vai haber máis confusión con respecto a ese tema. Eu non sei que é o responsable do tema de entroido de seguridade, quen leva a competencia diso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A Policía Local, responsable é a Policía Local e Protección Civil son eu

**A sra. Varelas toma a palabra:** Pois entón vostede non sei se se deu conta ou estaba ou non estaba houbo unha persoa que está aquí na sala que é concelleiro que participou non desfile, moi ben, pero participar non é problema, o problema é que baixou do coche o coche en marcha, o coche en marche e el fóra do coche, eu fágome unha pregunta, se cruza un neno, quen frea ese coche, o coche frea por arte de maxia.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu estaba presente no entroido como vostede puido comprobar.

**A sra. Varelas toma a palabra:** E vostede viu iso

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu iso non o vin.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Porque é que entón viuno toda A Valenzá e témolo gravado

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A min contáronmo é certo pero eu non o vin. Eu non o vin, pero entre outras cousas quen o ten que é sancionar en todo caso sería a Policía Local se é que o vira e se é que cumprira unha ilegalidade, nada máis.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu digo que non o vin eu soa, porque eu graveino non por gravalo iso, gravei, o meu marido gravou o entroido todo e téño gravado e me parece unha falta de seguridade total porque dáme igual que fora el, que fora outra persoa, se fora outra persoa diría o mesmo un coche non se pode saír do coche, co coche en marcha se ese coche da andado pola redutora, non sei a min explicáronmo, o coche da andado si pero se pasa unha persoa por adiante ou un neno quen frea ese coche, entroido si, eu vamos gustáronme o entroido exceptuando o mal tempo que tivemos que iso non é culpa de ninguén, pero a actitude do señor Padrón aí perdoe supoño que foi a euforia do entroido a emoción vostede non se que lle pasou pero saíu máis dunha vez, saíu dúas ou tres veces, e o do premio dáme igual que lle dean o premio a min iso do premio non me meto, o que me parece a min agora o do premio mire eu do premio non me meto porque cada un gaña o que quere pero iso.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Mire dentro do coche ía outra persoa que en caso dunha eventualidade que di vostede parárase o coche automaticamente



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Algunha pregunta máis señora Varelas, e o grupo do Partido Popular.

**A sra. González toma a palabra:** Anteriormente hai un xurado que non só tivemos a reunión polo tema do entroido os que estaban alí das asociacións de veciños e decidiron que o xurado que ía a ser anónimo entón hai un xurado que é anónimo que no seu caso do anterior que estiveron vostedes tamén era anónimo e decidiu os premios, e eu persoalmente non teño nada que ver a min cando me dan o papel para os premios eu leo, eu penso que o mesmo facía Nieves o mesmo fixo Chelo no seu momento non o sei, pero foi así, é dicir, eu non teño nada que ver con que Parada levara o primeiro o primeiro premio de feito eu houbérallo dado ós de As Lamas, non teño absolutamente nada que ver.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grupo do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Só por alusións ó que dixo Ánxela, benvida agora recoñeces que era, como agora estades dentro sabedes que era anónimo de todas maneiras nós tiñamos unha diferenza con vós, é que a Concelleira de cultura non tiña voz, como tiñas ti, nós non estabamos alí para nada era un xurado totalmente anónimo e que nos traía os premios no estabamos alí esa é a diferenza.

Eu voume dirixir a vostede señor Alcalde porque non sei se sabe a problemática que está habendo na gardería e xa dixemos no seu momento o problema que ía haber e demostrouse, vamos a ver, agora mesmo hai unha persoa que era administrativa que está nas oficinas de, como vostedes ben fixeron cambiaron á administrativa da gardería para as oficinas municipais do Concello para que vostedes o saiban, vai saír en prensa, para que os pais por se pasa algo para que o grupo Popular sexa totalmente exento do que poida pasar na gardería pero fágolles a vostedes partícipes do que poida pasar, esa persoa ten que baixar case todas as mañás a suplir porque hai unha baixa e porque hai xente nese momento pois que colle días moscosos o como lle queiran chamar, vamos a ver, esa persoa ten que estar no seu sitio, o estamos dicindo por activa e pasiva ata que pase algo, entón eu creo que non vamos dicir nada máis quero que os pais teñen que ter unha comunicación e vai ser vía prensa porque como non lle din absolutamente nada, soamente os pais veñen e nolo comunican que non poden acceder á gardería moitas veces porque non hai esa persoa responsable e aínda encima nos decatamos de que esa persoa baixa a metade da mañá ou cando fai falta isto non é nin para un lado nin para o outro, entón señor Alcalde diríxome ó señor concelleiro porque cantidade que llo reiteramos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu voulle explicar, a señora Ángeles está evidentemente nas oficinas municipais, pode estar suplindo puntualmente algunha baixa como dixen antes puntualmente, pero vostede debe ter presente que vostede chamoulle administrativo, pois o administrativo ou administrativa ten que facer funcións de administrativo ou administrativa e como ben dia a lexislación



en relación ó posto de traballo a gardería infantil non necesariamente ten que estar nesa situación física non necesariamente ten que estar, dio así a lei, non necesariamente ten que estar nesa situación física, pero volvo a dicir unha persoa que desempeña traballo de administrativo non está para abrir e pechar a porta da gardería infantil nin para suplir baixas de ninguén o que hai que facer é o que está facendo o señor Concelleiro de servizos sociais que é elaborar unhas bases para a contratación de persoal que supla as baixas e iso é o que se está facendo entón o asunto e este e esta é a realidade, grazas.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Sabe que hai revisións da gardería normalmente a través da Xunta, non?, pois xa llo dirán por escrito non se preocupe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vostedes agora todo van o xulgado e todo pasa por denuncias, eu estou francamente sorprendido

**A sra. Vispo toma a palabra:** É que creo que isto o que están facendo vamos a ver lles deixamos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estou francamente sorprendido coa oposición que fan vostede

**A sra. Vispo toma a palabra:** E vostede que fixo anteriormente a quen denunciou

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu denuncie por suposta

**A sra. Vispo toma a palabra:** Si, pero que non pasou nada,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por suposta prevaricación e similares, por enriquecemento ilícito e outras cousas

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non me diga vostede que somos nós os que denunciámos cando empezaron vostedes, vamos a deixalo xa. Outra cousa, vamos a ver, eu o outro día pregunteille precisamente onte na comida que nos invitaron en Fonval pregunteille a unha Concelleira compañeira súa quen eran os administradores das páxinas de app e das páxinas do Concello, díxome que todos eran administradores, paréceme perfecto porque cada un aparte dinlle a razón, cada un ten que colgar as súas noticias, cal é a nosa sorpresa, creo que os veciños se entran no facebook do Concello de Barbadás poden ver para que se utiliza o facebook e é para facer política, ou sexa, é que é unha auténtica vergonza, é unha auténtica vergonza, de todas maneiras como lle sigo dicindo xa non preocupamos do que tiñamos que facer con esa noticia porque non é a primeira xa no 2015 recordo que eu tiven unha conversación con vostede cando colgaron unha entrevista súa que lle fixeron, entón non é a primeira vez que se utiliza os medios dos veciños para, os medios do Concello para comunicarse cos veciños para facer política social do grupo político BNG e PSOE, entón eu creo que isto xa é unha vergonza e que os veciños téñeno que saber, pero é que a onde vamos é que vostede dia



que temos que denunciar é que o que están facendo non ten nin pés nin cabeza por ningún lado. Despois o do señor Padrón outras persoas outros concelleiros por menos dimitiron porque a seguridade do, recórdolle, a seguridade é da Policía, a Policía tenllo que comunicar vostede, e vostede automaticamente

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A min ninguén mo comunicou.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vale, pero non se preocupe porque está gravado, e outras persoas por menos dimitiron, entón o que non pode ser é que unha persoa se baixe dun coche, porque vostede di que o coche para, leva unha redutora señor Padrón, pero se un neno cruza para coller un caramelo igual queda debaixo dun coche, pois é igual, dáme igual, pero, eu digo o que me dá a gana porque para iso estou defendendo ós veciños de Barbadás, digo o que me da a gana, vale de acordo, pero da igual e en primeiro lugar alguén lle dixo o outro día compañeiro de aquí que os propios concelleiros debemos dar imaxe, neste Concello e non a estamos dando porque vostede alardea de que lle deron o primeiro premio, parécese perfecto, eu non teño ningún problema. Eu empecei cunha broma o outro día e isto vai en serio xa. Despois tanto que non insistían agora lle damos a volta, isto para que os veciños o saiban, levan dende o mes de xuño no goberno, onde están os trámites para a segunda gardería xa non lle vou dicir o instituto porque todos sabemos o que pasa cos terreos do instituto, pero por dicirlle algo llo vou recordar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vaia falar ca señora Mouteira

**A sra. Vispo toma a palabra:** A señora Mouteira xa mo dixo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Entón porque pregunta.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Porque despois de vir a Pleno a outra vez foi facer os deberes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Porque vostede o diga

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non, pero é que todos os Pleno vaise acordar, porque todos os Pleno traíano vostede ó final pois nós igual

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois fan moi ben é a súa obriga

**A sra. Vispo toma a palabra:** Pero é que vamos a ver, en mes estamos, en que mes estamos, en que presuposto se aprobaron na Xunta en outubro vostede fixo os deberes, foi agora, porque non fixo os deberes da segunda gardería, do centro de día, vale, porque non fixo os deberes do instituto, todo temos que traelo e llo vamos a recordar Pleno a Pleno

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Podo responder a esa pregunta que acaba de facer porque supoño que é unha pregunta xa. Vostede aquí aínda non trouxo ningunha moción sobre o instituto, vostede aquí



aínda non trouxo ningunha moción sobre o centro de día, vostedes saberán por que, dende logo non veñan aquí agora alardeando de facer os deberes cando vostedes nolos poñen non porque vostedes aquí aínda non trouxeron ningunha moción sobre o centro de día nin similares, nin sobre a cancha do campo de fútbol, nin sobre o saneamento de Loiro, nin sobre un relatorio de peticións que fixemos agora por escrito alí, mire señora Chelo nós facemos os nosos traballos, os nosos deberes e reunímonos con quen corresponda

**A sra. Vispo toma a palabra:** A auga de Loiro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, tamén, vexo que non está informada

**A sra. Vispo toma a palabra:** Está sen resolver, temos unha comisión este mércores , claro e que os veciños o van a saber loxicamente

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero tamén foi trasladado á Xunta de Galicia a través da señora Mouteira, vostede veña a quí a facer demagogia, pero fale primeiro cos seus compañeiros de partido que teneñn cargos institucionais e estará debidamente informada.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Falo, pero non lle vou facer eu os deberes como os estamos facendo normalmente o Partido Popular, llos estamos facendo e cando lle dicimos o que hai que facer vai vostede á Xunta a pedir, e a rebuscar pero non

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu quero ver aínda as súas propostas sobre iso

**A sra. Vispo toma a palabra:** Pero tróuxeno ó anterior Pleno, pero está en acta

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é un debate, polo tanto máis cuestións.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non é un debate non, igual que o do estacionamento é unha vergonza, que vostede lle mande á señora Fina a tarxeta por favor

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Mandeillo agora porque mo pediu, pero se estaba feita

**A sra. Vispo toma a palabra:** Outra cousa, gastámoslle ós veciños un aluguer dunha furgoneta cando o Concello ten unha, xa se que a batería pode fallarnos a calquera pero teñen que revisar

**A sra. González toma a palabra:** Vamos a ver, eu estou de acordo en que é unha falta de ética posiblemente o que fixo Ramón nun entorno do entroido pero chámame a atención que se rachen as vestiduras porque eu efectivamente o outro día contáronme abaixo eu quedeime moi sorprendida incluso alarmada, entón funme informar e chámame a atención que se rachen as vestiduras por dúas cousas, unha porque sendo vostedes non sei cal das dúas concelleira de cultura pasaron cousas, ese tipo de cousas xa pasaban, si, si, ese tipo de cousas xa pasaban, si, xa pasaban e ninguén se rachou as vestiduras teño información nun caso incluso unha carroza das que contrataron no Concello deulle nun





pe a un neno, e iso é real e sábeo moita xente, e a raíz diso trouxeron a ambulancia o ano seguinte, iso por un lado, déixeme que conteste, é dicir, efectivamente eu non me meto ca ética, eu non o faría, métome ca ética, estamos nun contexto de entroido, a min sorpréndeme que o fixera, pero despois da información que me deron efectivamente dixéronme o tema da redutora que era un paso moi lixeiro que era moi difícil que chegara a pasar algo, que iso tiña pasado xa, segundo me informaron a min, que iso tiña pasado xa en anos anteriores iso e cousas máis graves, e que estamos no contexto do entroido, entón eu pediría que non se repetise si que o pediría e que a xente sexa responsable nese sentido pero o Partido Popular fundamentalmente que non se rache as vestiduras. Segundo a vostedes o que lle amolou realmente do que colguei na páxina no facebook foi a diferenza de gastos do entroido, iso foi o que realmente lles amolou, porque eu ía colgar só a diferenza de gastos deste ano, pero despois quedeime pensando e dixen, non, non ten sentido senón hai comparativa co goberno anterior e entón comparativa co goberno anterior, entón comparei e puxen, calquera pode entrar no facebook para lelo, entón comparei e puxen, información, datos obxectivos do que se gastou, entón comparei e puxen, entroido, todo o entroido, non o día do desfile, 10.814,50 € entroido, si, a ti non che gustou a min encantoume fíxate, mira ti a ti non che gustou e a min encantoume, mira, mira en que retrocedemos, que cho vou dicir agora, mira que tiña ganas de dicilo, sonorización desfile de entroido 3.267 €, disfraces 332,75 €, ambulancia entroido 400 €, isto tamén o trouxen eu a ambulancia iso é lóxico, gala entroido totaly group 19.021 €, animación mércores de cinza 250, ben, premios entroido, premio drac queen 500, premio drac queen 100, premio drac queen 100, premio drac queen 100, varios cens, 370, 260, premio drac queen 1.000, totaly group, aluguer carrozas entroido, perdón, totaly group, aluguer carrozas entroido 14.999,99, iso foi o que realmente lle molestou ó Partido Popular a diferenza de diñeiro, habería que explicar se o roubastes vós ou o metestes nunha

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ramón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Eu só quero intervir un minuto, as páxinas oficiais do Concello onde se utiliza o nome do Concello, eu pediría unha cousa, as páxinas oficiais do Concello onde se representa onde vai o nome de Concello de Barbadás que non se utilicen vía política, eu refírome, para iso os partidos teñen páxinas propias.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Levántase o Pleno, grazas a todos e a todas.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por



## CONCELLO DE BARBADÁS

finalizada a sesión, sendo as 22:50 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL